

3	4	5	6	7	8	9
10	11	12 ¹⁰¹	13	14	15	16
17	18	19 ¹⁰⁴ 101	20	21 ¹⁰⁴	22	23
24	25	26 ¹⁰⁴ 101	27	28 ¹⁰⁴ ¹⁰⁵	29	30
31						

104 Cada grupo de 4-5 alumn@s ten que realizar dúas presentacións orais ao longo do semestre, comezando o día 19 de outubro.

NOVEMBRO 2022

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2 ¹⁰⁵	3	4	5	6
7	8	9 ¹⁰¹	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23 ¹⁰¹	24	25	26	27
28	29	30				

DECEMBRO 2022

LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16 ¹⁰⁵	17	18
19	20 ¹⁰¹	21 ¹⁰² ¹⁰⁵ 101	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

XANEIRO 2023

LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
						1
2	3	4	5	6	7	8

9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29

SEGUNDO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO PRIMARIA

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151106	Psicología do Desenvolvemento (6-12 anos)	FB
G3151107	Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento	FB
G3151108	Escola, Comunidade e TIC	FB
G3151120	Ensino e Aprendizaxe de Linguas en contextos Multilingües	OB
G3151122	Fundamentos da Educación Física	OB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **123**, **123**):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) **123** un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2023

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
30	31	1 <small>107</small>	2	3	4	5
6	7	8 <small>107</small>	9	10	11	12
13	14	15 <small>107</small>	16	17 <small>106</small>	18	19
20	21	22 <small>107</small>	23 	24	25	26 <small>120</small>
27	28 <small>106</small>					

MARZO 2023

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
----	----	----	----	----	----	----

		1 120 107	2 120	3	4	5
6 108	7 106	8 107	9	10	11	12
13	14	15 107	16	17	18	19
20	21	22 107	23	24	25	26 106
27 108	28	29	30 122	31		

ABRIL 2023

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11 122	12 107	13	14	15	16
17 122	18 106	19 107	20	21	22	23
24 108 108 122	25	26 107	27 120	28	29	30 120

MAIO 2023

LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2	3 107	4	5	6	7 106
8 108 122	9	10 106 107*	11	12	13	14 120
15 108 122	16	17	18	19	20	21 122
22	23 107	24	25	26	27	28
29	30	31				

* Ensaio académico con material e recursos que se estimen oportunos de clase

* As actividades serán sempre de clase favorecendo a sua entrega no campus virtual no día do mesmo para facilitar que o alumnado poda facelo ao seu gusto. En caso que por algún motivo non o presente no campus, deberá presentalo impreso na clase seguinte a da actividade.

INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO (2022 – 2023)

1º Curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao

Coordinadora: Alba María Souto Seijo

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso:

No primeiro curso leváronse a cabo 10 actividades (6 no primeiro cuadrimestre e 4 no segundo cuadrimestre). Tanto os alumnos/as do Grao en Mestre/a de Educación Infantil como os do Dobre Grao participaron en oito actividades.

Data:	05/09/2022 a 22/12/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Proxecto Interdisciplinario
Breve descrición:	Grazas á colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC o alumnado das dúas materias implicadas participa en diversas entidades e institucións da cidade de Lugo. Esta actividade contribúe a que o alumnado desenvolva unha serie de competencias útiles a nivel persoal e profesional. A continuación, destácanse algunhas delas: análise e resolución de problemas, asertividade, autonomía e iniciativa, compromiso ético e responsabilidade, empatía, traballo en equipo, etc. Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	23/11/2022; 25/11/2022
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Marta Poncet Souto
Título:	Actividade con profesionais externos
Breve descrición:	Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes: - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa. - Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo. Valoración da actividade: No Informe de curso que o alumnado elaborou para a materia reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla cunha antiga alumna que fixo as prácticas na asociación educativa Nenea Medrar Creando.
Materia vinculada:	Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	19/12/2022
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Os contos que contamos e como os contamos
Breve descrición:	O 19 de decembro de 2022, David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "Os contos que contamos e como os contamos". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:

	<p>- Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.</p> <p>- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.</p> <p>- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.</p> <p>Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	16/11/2022 a 01/02/2023
Tipo de actividade:	Outras actividades
Responsable:	Francisco Xosé Candía Durán
Título:	Actos organizados co gallo do 25N, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
Breve descrición:	<p>Co impulso e coordinación do profesor da materia, o alumnado de THEE ideou, preparou e desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES; a saber:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Charla sobre a violencia de xénero desde dentro, a cargo dunha vítima (“Ponlle fin para ter un principio”). Salón de actos da Facultade, 24/11/2022. 2. Gran mural sobre violencia de xénero (con nomes de vítimas, frases certas, pegadas de mans, reflexións etc.) elaborado colectivamente durante as dúas últimas semanas de novembro a través da participación de calquera persoa da Facultade, e colocado no vestíbulo principal de entrada da Facultade ata 01/02/2023. 3. Elaboración durante as dúas últimas semanas de novembro de 20 carteis diferentes, con citas sobre violencia de xénero, frases con micromachismos, referencias a mulleres vítimas de violencia de xénero etc. Foron colocados nos corredores da Facultade ata 01/02/2023. 4. Preparación dun espazo con lazos violeta no vestíbulo principal da Facultade durante as dúas últimas semanas de novembro, para que os poidan coller (e colocar nas lapelas) persoas que pasen por diante. 5. Redacción dun manifesto para lectura durante o acto que, en representación da Facultade e coa colaboración da súa Comisión de Xénero, realizamos ás 12:00 horas (como os restantes centros da USC) nas escaleiras do centro o 25N, para honrar as vítimas do machismo, conmemorar o sentido deste día e renovar o compromiso da comunidade universitaria da Facultade de Formación do Profesorado pola igualdade e contra a violencia, con minuto de silencio e fotografía posterior. 6. Creación de lemas para lanzar a viva voz no acto de homenaxe polo 25N, tras a lectura do manifesto. 7. Animación a todo o alumnado e profesorado da Facultade a vir vestid@s de negro (ou escuro, de non poder ser negro) o 25N. <p>Valoración da actividade: O valor de que a idea, a preparación e o desenvolvemento de todas e cada unha das actividades que se puxeron en marcha tivera como protagonista principal o alumnado (o profesor procurou simplemente mobilizar, impulsar, coordinar), ofrece un valor pedagóxico relevantísimo, e posibilita que alumnas e alumnos vivencien en primeira persoa e con pegada experiencial, unha serie de valores e comportamentos</p>

	<p>na senda da igualdade real e na da eliminación de estereotipos e discriminacións por xénero que (é o que desexamos) haberán de ter impacto no seu futuro vital e no seu desempeño profesional como mestras e mestres dentro duns anos.</p> <p>A actividade, realizada por segundo ano consecutivo, goza do aprecio do alumnado, sobre todo do feminino. Alumnas e alumnos apúntanse voluntariamente á organización das actividades que pretenden chamar a atención de toda a comunidade universitaria da Facultade en referencia á lacra da discriminación que perpetra o machismo na sociedade de diferentes maneiras, desde leves insinuacións ata o asasinato de mulleres e outras vítimas vicarias.</p> <p>Considerando a formación pedagóxica que recibe, pero sobre todo o eido de profesionalización futura do noso estudiantado (cando exerzan como mestras e mestres das futuras xeracións), o feito de ir construíndo xa agora unha conciencia cívica crítica respecto da violencia machista é un compromiso que a Facultade non pode obviar.</p> <p>Precisamente como se trata dun asunto con resonancias educativas pero tamén persoais, o alumnado adoita implicarse moi activamente, proponendo ideas e procurando materializalas para que estean listas para o 25N, pero tamén para transmitir que todas as datas deberían ser días de reivindicación 25N.</p>
Materia vinculada:	Teoría e Historia da Educación Escolar (G3151103)
Data:	15/02/2023 a 30/04/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Carlos Dosil Díaz
Título:	Acompañando ás emocións nun mundo de cambio
Breve descrición:	<p>Nos últimos anos, os modelos familiares na sociedade están cambiando. Cada vez atopámonos entornos máis interculturais, con situacións familiares onde, en ocasións, os menores son os principais afectados, repercutindo en problemas escolares.</p> <p>Finalidade: Dentro do desenvolvemento na idade infantil de 3 a 6 anos prodúcense unha serie de cambios cognitivos, físicos e afectivos. A posibilidade de coñecer en primeira persoa situacións de risco que poidan estar afectando ao desenvolvemento afectivo e emocional do neno/a, permitirá ao alumnado profundizar, asentar coñecementos e empatizar, permitíndolle ter un enfoque que será positivo para o seu futuro docente.</p> <p>Os nenos/as na asociación Alar Galicia, sentiranse acompañados durante o tempo que dure o proxecto e terán un apoio para favorecer a súa integración sempre baixo a supervisión de profesionais.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contextualizar a importancia da educación emocional na educación infantil, en particular naqueles nenos que se atopan en familias desestructuradas e de risco de exclusión social. - Adquirir un mellor coñecemento e aplicación da educación emocional na aula de nenos de idades comprendidas entre 3-6 anos. - Desenvolver a intelixencia emocional de forma global. - Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico. - Fomentar a convivencia na aula e fora dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles. <p>Coa execución deste ApS, o alumnado vai a traballar dunha forma práctica unha serie de contidos relacionados co desenvolvemento evolutivo, en particular cos aspectos afectivos e emocionais, que lle van a permitir adquirir unha serie de competencias moi valiosas para o seu futuro profesional como</p>

	docentes de educación infantil, á marxe de realizar unha labor moi importante cos nenos/as da asociación Alar Galicia cos que van a traballar.
Materia vinculada:	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (G3131106)
Data:	30/01/2023 a 15/05/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	María José Fiuza Asorey
Título:	Recreos inclusivos
Breve descrición:	<p>Recreos Inclusivos é un proxecto de ApS realizado en colaboración coa ONCE, na súa delegación de Lugo. As dúas mestras itinerantes da provincia de Lugo, especialistas en discapacidade sensorial e especialmente en cegueira, acoden ao aula universitaria para formar ao alumnado da materia en inclusión, utilizando para iso o tempo de lecer que supoñen os recreos. Realízanse dúas sesións formativas ao iniciar o proxecto, nas que sentan as bases de que é a inclusión e fórmase ao alumnado na creación de materiais inclusivos para os tempos de lecer, aprendendo a transcribir en código braille mediante as máquinas Perkins. Préstase especial atención á creación de materiais realmente inclusivos, para todo o alumnado sen excepcións, traballando texturas, formas, cores... No caso de que o material precise texto, escríbese ben en lingua galega ou castelá e, ademais, en código Braille, prestando atención a requisitos de inclusión como o tipo de letra ou o tamaño da mesma.</p> <p>Á metade do proxecto, as mestras revisan os materiais en proceso de elaboración e, ao final do proxecto, son entregados á Once para a súa distribución nos centros escolares da provincia. Algúns exemplos destes materiais elaborados polo alumnado son contos, xogos de tres en raia, parchís, a oca, parellas de cartas, bingos...</p> <p>Valoración da actividade: Este proxecto de ApS tivo os seus inicios no curso 12-13, e desde entón mantense cada curso académico (fóra dos cursos 2019-2020 e 2020-2021 que houbo de interromperse debido ás restricións xeradas pola pandemia do covid-19). O proxecto segue realizándose grazas a dous grandes motivos: por unha banda, o interese que esperta no alumnado (destacan a utilidade dos materiais elaborados, o grao de xenerosidade que implica, a toma de conciencia de que é a verdadeira inclusión e as aprendizaxes realizadas que lles permitirán "perder o medo" ao alumnado con discapacidade visual en concreto e ao alumnado con discapacidade en xeral); e, doutra banda, o seu carácter formativo, ao achegar ao alumnado ao concepto de inclusión educativa no seu sentido amplo e afastarlle do tan estendido concepto restritivo da inclusión, ao fomentar o desenvolvemento e fortalecemento de valores como a colaboración, a empatía, o voluntariado...</p>
Materia vinculada:	Psicoloxía da Educación [G3131107]
Data:	27/10/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Título:	I Simposio de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA)
Breve descrición:	<ul style="list-style-type: none"> • Tipo de actividade: trátase dun ciclo de conferencias e mesas redondas que versaron sobre a temática da formación e innovación educativa. Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia. O Simposio tivo como eixo vertebrador as diferentes etapas educativas; especialmente de infantil e primaria, así como ensino superior. • Organizadores: Facultade de Formación do Profesorado da USC, Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da USC. Universidad Federico Hernández y Carvajal (República Dominicana), Universidad de Playa Ancha (Chile).

	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboracións: este I Simposio de Formación e Innovación educativa contou coa colaboración de importantes entidades radicadas en Lugo e outras a nivel nacional e internacional. Entre as mesmas, destacamos o Centro Asociado da UNED de Lugo, a Asociación educativa lucense Nenea, Centro de Formación e Recursos de Lugo, o Fórum Europeo de Administradores da Educación (FEAE - http://feae.eu) as empresas Maxina e Anthology, a Deputación e o Concello de Lugo, entre outras. <p>Compre destacar tamén o amplo número de investigadores e expertos/as que forman parte do Comité Científico, cuxa labor resultou moi importante a nivel de asesoramento académico e científico. En concreto, formaron parte destes comités académicos de Universidades de España, Costa Rica, Países Baixos, Reino Unido, Portugal, República Dominicana, Ecuador, Colombia e República Checa.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Asistentes: O número de inscritos PRESENCIAIS ao I Simposio de Formación e Innovación Educativa foi de un total de 197 persoas. Asemade, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 107 persoas. <p>O perfil dos asistentes inscritos foi o esperado, a saber:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil - Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria - Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria - Alumnado de programas de Doutoramento en Educación - Profesorado universitario da USC - Profesorado universitario doutras universidades - Profesorado de etapas educativas non universitarias - Outros profesionais do eido educativo <p>Valoración da actividade: Co fin de coñecer a percepción dos asistentes presenciais ao Simposio, creouse un formulario para coñecer a súa opinión e que valorasen de xeito voluntario o evento. Os resultados obtidos foron moi positivos, polo que se está a pensar nunha posible segunda edición do Simposio que se divida en varios días, xa que a maior parte dos asistentes consideran que foi unha xornada moi intensiva.</p>
Materia vinculada:	Diversas materias, especialmente as vinculadas coa área de Didáctica e Organización Escolar, por exemplo: didáctica e tarefas docentes, proxectos de innovación, etc.
Data:	30/01/2023 a 15/05/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba María Souto Seijo
Título:	+HU-MANOS
Breve descripción:	<p>Durante o segundo semestre, e no marco da materia "Procesos de mellora e usos das TIC", algunhas alumnas voluntarias participaron no proxecto +HU-MANOS, levado a cabo polo alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros, A Coruña). Concretamente, as alumnas voluntarias deseñaron a páxina web do proxecto.</p> <p>Valoración da actividade: A valoración das alumnas foi positiva, polo que amosamos o noso interese en seguir colaborando co centro educativo en futuros proxectos.</p>
Materia vinculada:	Procesos de mellora e usos das TIC (G3131207)

Data:	15/09/2022 a 13/10/2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Breve descripción:	<ul style="list-style-type: none"> - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita. - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade. - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar. - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas. - Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital. - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos. - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais. <p>Valoración da actividade: Valórase nas diferentes materias a través das producións escritas presentadas polo alumnado e das súas intervencións/exposicións orais nas clases.</p>
Materia vinculada:	Infancia, Familia e Escola (G3131102)
Data:	06/02/2023 a 06/03/2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Educación en feminino: un paseo pola historia
Breve descripción:	<p>No marco da materia indicada (de 1º semestre e 1º curso do Grao de Primaria e do Dobre Grao), desenvolvemos por sexto ano consecutivo a iniciativa "Educación en feminino: un paseo pola historia", premiada hai tres anos pola USC como iniciativa docente innovadora no eido da igualdade de xénero.</p> <p>Na materia en cuestión o alumnado prepara catro exercicios diferentes sobre diferentes educadoras do pasado ou do presente, traballo que conclúe cunha exposición de paneis sobre esas figuras pedagóxicas, que na presente edición consta de 39 pósters que glosan as excelencias pedagóxicas de máis de medio cento de educadoras de diferentes épocas e xeografías, aínda que a maioría sexan galegas e españolas dos últimos 150 anos.</p> <p>A colección de pósters, unha vez remate o período de exposición de un mes na nosa Facultade, viaxará a outras entidades que se interesan por ela (bibliotecas, centros socioculturais, facultades, institutos etc.) ás que llela cedemos gratuitamente coa intención de favorecer desde a universidade un servizo desinteresado do que se poida beneficiar a poboación (perspectiva de aprendizaxe-servizo).</p> <p>Valoración da actividade: Para o alumnado implicado, moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural.</p>
Materia vinculada:	Teoría e Historia da Educación Escolar (G3151103)

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil

2.1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 61 Data de recollida: 6 a 13 de maio				
Curso e grao: 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	3%	74%	23%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que hai un número excesivo de estudantes nas sesións expositivas, o que dificulta seguir o ritmo da clase.				
2.- Espazos para a docencia	0%	11%	72%	16%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes destacan que as cadeiras das clases expositivas son incómodas.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	8%	80%	11%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes sinalan que os recursos empregados teñen unha boa presentación e son educativos.				
4.- Horarios lectivos	3%	8%	46%	43%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo para realizar os traballos tanto individuais como grupais.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas	5%	31%	52%	11%
OBSERVACIÓNS: O alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	5%	23%	51%	21%
OBSERVACIÓNS: Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	5%	72%	23%
OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	18%	66%	16%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que algún docente non explicou a guía docente, que algúns exames non se centran na materia explicada...				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	10%	69%	21%
OBSERVACIÓNS: algúns estudantes indican que algún docente imparte a súa materia dando por feito que o alumnado posúe algúns coñecementos que non se impartiron con anterioridade.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: evitar a sobrecarga de traballos, impartir contidos máis específicos de cara o exame, cambio do sistema de avaliación no que respecta aos traballos grupais (por problemas nos grupos de traballo), menor peso dos exames...				

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (74% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “espazos para a docencia” (72% bastante satisfeito e 16%

moi satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (80% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), “horarios lectivos” (46% bastante satisfeito e 43% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 23% moi satisfeito), “adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (66% bastante satisfeito e 16% moi satisfeito), e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (69% bastante satisfeito e 21% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (23% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (31% pouco satisfeito e un 5% nada satisfeito). Entre as observacións máis repetidas atópase a incomodidade do mobiliario das sesións expositivas, a distribución horaria das clases e a alta carga de traballo autónomo nalgúns materias.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

O luns 29 de maio compartiuse co profesorado de primeiro curso os resultados das enquisas. Así mesmo, convocouse unha reunión o día 21 de xuño para analizar ditos resultados (ver Anexo II).

1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

2.4. Táboa-resumo:

Número de respostas: 21 Data de recollida: 8 de maio				
Curso e grao: 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	76%	24%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
2.- Espazos para a docencia	0%	29%	67%	5%
OBSERVACIÓNS: Algúns estudantes sinalan que o espazo para realizar Educación Física en inverno é moi frío. Ademais, consideran que o mobiliario das aulas onde se realizan as sesións expositivas non é axeitado e lles provoca dor de costas.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	10%	86%	5%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
4.- Horarios lectivos	14%	29%	48%	10%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo para realizar os traballos tanto individuais como grupais. Segundo os estudantes algúns días teñen moita carga lectiva e outros días teñen moito tempo libre entre clase e clase.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas	19%	33%	48%	0%
OBSERVACIÓNS: O alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo autónomo. Tamén sinalan que esta carga mantense ata final de curso, dificultándolles o estudo para os exames.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	14%	48%	38%	0%

OBSERVACIÓNS: Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materiais teñen moita carga de traballo. Algúns propoñen que haxa unhas semanas sen entregas de traballos nin exposicións orais antes dos exames para poder dedicarlle tempo ao estudo.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	5%	86%	10%
OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	14%	86%	0%
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que algún docente non explicou a guía docente. Así mesmo, expoñen que sería convinte que as correccións dos traballos se proporcionaran antes de que teña lugar o exame, para poder evitar erros e incidir naqueles aspectos nos que teñan máis dificultade.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	10%	81%	10%
OBSERVACIÓNS: algúns estudantes sinalan que algúns contidos son semellantes.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: o alumnado indica que a duración das sesións expositivas debería de ser menor (50-60 minutos) e que os horarios deberían estar mellor repartidos. Tamén expoñen que sería preciso dispoñer dun maior tempo para comer. Finamente, suxiren que as entregas de traballos teñan lugar antes do mes de maio.				

2.5. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (76% bastante satisfeito e 24% moi satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (86% bastante satisfeito e 5% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (86% bastante satisfeito e 10% moi satisfeito), e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (81% bastante satisfeito e 10% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “espazos para a docencia”, (29% pouco satisfeito), “horarios lectivos” (29% pouco satisfeito e 14% nada satisfeito), “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (48% pouco satisfeito e un 14% nada satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (33% pouco satisfeito e un 19% nada satisfeito). Entre as observacións máis repetidas atópase a incomodidade do mobiliario das sesións expositivas, a distribución horaria das clases e a alta carga de traballo autónomo nalgúns materias.

2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

O luns 29 de maio compartiuse co profesorado de primeiro curso os resultados das enquisas. Así mesmo, convocouse unha reunión o día 21 de xuño para analizar ditos resultados (ver Anexo II).

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

Suxestións, demandas ou queixas por parte do alumnado: os estudantes sinalan que tiveron unha elevada carga de traballo, pero destacan a formación recibida e a dedicación do profesorado que lles impartiu docencia ao longo do curso. No caso do alumnado de Dobre Grao solicita non ter os exames tan concentrados.

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos).

4.1. Reunións ou comunicacións mantidas co alumnado

- *Luns 5 de setembro:* contactouse co alumnado de primeiro de grao e dobre grao para darlles a benvida á Facultade, indicarlles que tiñan dispoñible (no Campus Virtual) a enquisa de satisfacción da xornada de acollida, e para explicarlles o procedemento de elección de delegado/a e subdelegado/a do grupo-clase. Cabe sinalar que, no primeiro curso do grao, nun primeiro momento, non houbo candidaturas para ocupar ditos postos, polo que se ampliou o prazo. Finalmente, o Luns 3 de outubro, comunicouse a través do Campus Virtual o nome da delegada e da subdelegada de primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil (Carmen Riobó Villa e Llerena Mato Mespellet). No caso do Dobre Grao, o nome da delegada e subdelegada comunicouse o 14 de setembro (Zaira Díaz Jáñez e Sabela Pérez Taboada).
- *Luns 17 de outubro:* a delegada e a subdelegada do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil poñen da manifesto que están a xurdir algunhas problemáticas nos grupos de traballo. Así mesmo, comentan a posibilidade de que o profesorado chegue a un acordo para solicitar os mesmos criterios nos traballos.
- *Martes 18 de outubro:* reúnome coa delegada e subdelegada de dobre grao para coñecer se existen problemas nos grupos de traballo, pero comentan que non recibiron ningunha queixa e que o cuadrimestre transcorre con normalidade. Ese mesmo día convócase aos docentes a unha reunión, que ten lugar o venres 21 de outubro, e dáse resposta aos estudantes.
- *Mércoles 26 de outubro:* a delegada e a subdelegada do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil comunican a súa dimisión, polo que se convoca a unha reunión a todo o alumnado o luns 7 de novembro. Dende ese momento non hai delegado/a nin subdelegado/a no primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil.
- *Luns 5 de decembro:* infórmase ao alumnado de grao e dobre grao de que xa teñen dispoñible, na Secretaría Virtual, as enquisas de satisfacción coa docencia recibida no primeiro semestre.
- *Mércoles 14 de decembro:* contáctase co alumnado de grao e dobre grao, a través do Campus Virtual, para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre a marcha do semestre ata o momento. Cabe sinalar que non se recibe ningún comentario.
- *Mércoles 17 de maio:* contáctase co alumnado de grao (a través do Campus Virtual), e coa delegada e subdelegada do dobre grao (a través de *email*) para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre o curso 2022-2023 (recóllense no punto 3 do presente informe).

4.2. Reunións ou comunicacións mantidas co profesorado

- *6 de setembro:* infórmase ao profesorado que imparte docencia no primeiro semestre de que está dispoñible, co Campus Virtual, o calendario

para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.

- *27 de setembro*: infórmase ao profesorado da formación que está recibindo o alumnado para a adquisición de competencias de comunicación oral e escrita por parte do Profesor Francisco Xosé Candia Durán.
- *Venres 21 de outubro*: mantense unha reunión virtual co profesorado para dar resposta aos estudantes (ver Anexo I).
- *Mércores 26 de outubro*: envíase ao profesorado información sobre os calendarios de tarefas dos semestres.
- *Mércores 14 de decembro*: envíase un *email* ao profesorado para que poidan trasladar as incidencias, suxestións ou cambios sobre a marcha do primeiro semestre. Cabe sinalar que non houbo incidencias destacables, aínda que algúns docentes observan que hai un menor interese por parte do alumnado.
- *29 de xaneiro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no segundo semestre de que está dispoñible, no Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *26 de abril*: envíase ao profesorado un recordatorio para que rexistren as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *29 de maio*: infórmase ao profesorado dos resultados das enquisas de coordinación.
- *2 de xuño*: envíase ao profesorado o informe de coordinación do 1º curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao e convócase unha xuntanza o 21 de xuño.
- *21 de xuño*: mantense unha reunión co profesorado para analizar os resultados das enquisas e comentar as incidencias acontecidas ao longo do curso académico (ver Anexo II).

5. Outras observacións ou comentarios

Nos Anexos III e IV adxúntanse os calendarios onde o profesorado rexistrou a carga de traballos dos semestres.

Lugo, 23 de xuño de 2023



Asdo: Alba María Souto Seijo
Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo I. Síntese da reunión celebrada co profesorado o 21 de outubro de 2022

Data: 21 de outubro de 2022

Hora de comezo: 10:00 horas

Hora de remate: 12:00 horas

Acoden a reunión: Maria José Fiuza Asorey, Carlos Dosil Díaz, María Marta Poncet Souto, Eva María Barreira Cerqueiras, Gabriela Dolores Míguez Salina, M^a Carmen Caldeiro Pedreira, Manoel Baña Castro, Alba María Souto Seijo.

Escusan a súa ausencia: Xesús Ferreiro Núñez; Pablo César Muñoz Carril; Francisco Xosé Candia Durán, Eugenio Manuel Otero Urtaza.

Orde do día:

1. Analizar a problemática xurdida en 1º de Grao en Educación Infantil con respecto a implicación dos estudantes nos traballos grupais.
2. Analizar a proposta dos estudantes con respecto ao formato dos traballos escritos.

1. Analizar a problemática xurdida en 1º de Grao en Educación Infantil con respecto a implicación dos estudantes nos traballos grupais.

En relación aos traballos grupais, púxose de manifesto a necesidade de que o alumnado aprenda a traballar en equipo e a xestionar as dificultades que poidan xurdir. Se o problema persiste deberían comunicarllo ao profesorado da materia para que tome as decisións oportunas.

Dado o elevado número de alumnos/as matriculados os docentes temos dificultades á hora de supervisar os traballos grupais. Por ese motivo, falouse da posibilidade de levar a cabo un Proxecto Interdisciplinario entre as diferentes materias do cuadrimestre. Deste xeito, os alumnos/as poderían adquirir a competencia de traballo en grupo a través deste Proxecto, e os docentes poderíamos supervisar de forma exhaustiva cada traballo. Así mesmo, tamén se comentou a posibilidade de destinar unhas sesións a darlles unhas pautas aos estudantes para que saiban como xestionar o traballo en grupo.

2. Analizar a proposta dos estudantes con respecto ao formato dos traballos escritos.
No que respecta ao segundo punto, solicitude de unificación do formato dos traballos, acordouse que cada docente solicitará o formato que crea conveniente en función da tipoloxía do traballo.

Lugo, 21 de outubro de 2022



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo II. Síntese da reunión celebrada co profesorado o 21 de xuño de 2023

Data: 21 de xuño de 2023

Hora de comezo: 11:00 horas

Hora de remate: 12:20 horas

Acoden a reunión: Maria José Fiuza Asorey, María Campos Magdaleno, Marcos Mecías Calvo, Uxía Garrido Filgueira, Carlos Dosil Díaz, Marta María Poncet Souto, Eva María Barreira Cerqueiras, Manoel Baña Castro, Pablo César Muñoz Carril, Francisco Xosé Candia Durán, Alba María Souto Seijo.

Escusan a súa ausencia: Alba Díaz Geada, Gabriela Dolores Miguez Salina, M^a Carmen Caldeiro Pedreira, Eugenio Manuel Otero Urtaza.

Orde do día:

1. Resultados da enquisa de coordinación de curso cuberta polo alumnado (primeiro infantil e primeiro dobre grao).
2. Rolda aberta de intervencións.

Síntese:

En xeral, os resultados das enquisas amosan un nivel de satisfacción elevado por parte do alumnado. Un dos aspectos nos que se acadou unha menor puntuación é o que fai referencia á carga de traballo autónomo das materias cursadas. O profesorado considera que hai que facerlles ver o número de horas de traballo autónomo que lle corresponden a cada materia (e que constan nos programas). Así mesmo, reivíndicase o papel de autoridade que teñen os programas, pois estes son aprobados pola Xunta de Facultade e o departamento correspondente.

Algúns docentes aluden á falta de interese e de esforzo por parte do alumnado e sinalan que non se pode baixar o nivel de esixencia. Ademais, considérase que os estudantes deben aprender a xestionar os tempos, os traballos en grupo, etc.

Na xuntanza ponse de manifesto que se produciron algunhas incidencias (ausencias a clase) no 8M.

Finalmente, acórdase non solicitar ao alumnado os informes escritos sobre a marcha do curso, xa que nas enquisas hai espazo para que, aquel alumnado que o desexe, poida amosar a súa opinión.

Lugo, 21 de xuño de 2023



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do 1º curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil e do Dobre Grao de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria

Anexo III. Calendarios de rexistro da carga de traballo do primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO INFANTIL

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131101	Socioloxía da educación	FB
G3131102	Infancia, familia e escola	FB
G3131104	Teoría e institucións contemporáneas da educación infantil	FB
G3151105	Didáctica e profesión docente	FB
G3131103	Psicoloxía do desenvolvemento (0-3 anos)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

■ ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

■ PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

■ PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

■ ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) 123 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3 101	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14 <small>101</small>	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				


DECEMBRO 2022						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14 <small>104</small>	15	16 <small>101</small>	17	18
19 <small>101/105</small> <small>101/105</small>	20 <small>104</small>	21	22 <small>104</small>	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

SEGUNDO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO INFANTIL

DATOS DAS MATERIAS


CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos)	FB
G3131107	Psicoloxía da Educación	FB
G3131108	Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos	FB
G3131109	Infancia. Saúde e Alimentación	FB
G3131207	Procesos de mellora e uso das TIC	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

 ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

 PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

 PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

 ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) 123 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27 107	28					

MARZO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	21	23	24	25	26
27 107	28	29	30	31		

ABRIL 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3 207	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21 107	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAIO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2	3 207	4	5	6	7
8	9	10 207	11	12	13	14
15 107 107	16				20 207	

Anexo IV. Calendarios de rexistro da carga de traballo do primeiro curso do Dobre Grao

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO DG

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151101	<i>Socioloxía da educación</i> (E. Primaria)	FB
G3151102	<i>Infancia, familia e escola</i> (E. Primaria)	FB
G3131103	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (0-3 anos)</i> (E. Infantil)	FB
G3131105	<i>Didáctica e profesión docente</i> (E. Infantil)	FB
G3151105	<i>Psicoloxía da educación</i> (E. Primaria)	FB
G3151103	<i>Teoría e historia da educación escolar</i> (E. Primaria)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: G1234567, G1234567):

ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) G1234567 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7 ₁₀₂	8	9	10	11
12	13	14 ₁₀₂	15	16	17	18
19	20	21 ₁₀₂	22	23	24	25
26	27	28 ₁₀₂	29	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19 ₁₀₂	20	21	22	23
24	25	26 ₁₀₂	27	28	29	30
31						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				


DECEMBRO 2022						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
105 / 105						
26	27	28	29	30	31	

SEGUNDO SEMESTRE 2022-2023 PRIMEIRO DG

DATOS DAS MATERIAS


CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131108	<i>Observación e análise: suxeitos e procesos educativos</i> (E. Infantil)	FB
G3131109	<i>Infancia, saúde e alimentación</i> (E. Infantil)	FB
G3131106	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (3-6 anos)</i> (E. Infantil)	FB
G3151108	<i>Escola, comunidade e TIC</i> (E. Primaria)	FB
G3151122	<i>Fundamentos da Educación física</i> (E. Primaria)	OB
G3151106	<i>Psicoloxía do desenvolvemento (6-12 anos)</i> (E. Primaria)	FB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: G1234567, G1234567):

 ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

 PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

 PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

 ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) G1234567 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17 106	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28 106					

MARZO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7 106	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	21	23	24	25	26 106
27	28	29	30	31		

ABRIL 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14 106	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

MAIO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2	3	4	5	6	7 106
8	9	10 106	11	12	13	14
15	16					

INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

INFORME DE COORDINACIÓN 2022- 2023

CURSO E GRAO: 2º Curso do grao en mestre de Educación Primaria e Dobre Grao

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: María José Romero Castro

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado)

Data de inicio da actividade:	18 de Abril de 2023
Data de finalización da actividade:	18 de Abril de 2023
Duración da Actividade:	De 9:00 a 19:00 h
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Pablo González Sequeiros, Cristina Lois Prados e Dolores Rodríguez Vivero; María José Romero Castro; Francisco Xosé Armas Quintá e Xosé Ramón Veiga Alonso
Nome da actividade:	Camiñando xunt@s
Materia/s vinculadas:	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética (G3151121), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I (G3151226), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I (G3151228)
Breve Descrición:	Realízase un tramo do Camiño Francés (Barbadelo–Portomarín) coa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Prepárase e abórdase o percorrido dende unha óptica matemática e interprétanse lugares distinguidos en clave socio-científica.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):	Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. A actividade prográmase como obrigatoria, polo que participa practicamente o 100% do alumnado. A experiencia en anos anteriores amosa que o alumnado percibe a actividade de interese, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Nas conclusións dalgúns traballos académicos relacionados coa análise e deseño de propostas docentes que se encargan nas materias de Didácticas Aplicadas é recorrente a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto.

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

2.1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 38 Data de recollida: 25/05/2023				
Curso e grao: Segundo Curso - grao en mestre de Ed. Primaria				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	3%	11%	66%	21%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios do alumnado) O alumnado sinala un excesivo número de alumnos nas sesións expositivas.				
2.- Espazos para a docencia	8%	18%	66%	8%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): en xeral o alumnado comenta que o mobiliario nas aulas é incómodo, pouco práctico e as aulas non son apropiadas para o desenvolvemento das clases (as diapositivas non se ven, non se pode escoitar correctamente aos docentes)				
3.- Recursos técnicos para a docencia	3%	18%	71%	8%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado comenta que nalgúnhas sesións houbo fallos co proxector ou co ordenador.				
4.- Horarios lectivos	29%	37%	34%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): hai 25 respostas. En xeral o alumnado indica que os horarios están mal distribuídos, con horas libres entre unha clase e outra. Isto lles crea dificultades á hora de organizarse e de compatibilizar outras actividades. Na maioría das respostas o alumnado incide na necesidade de ter horarios de mañá ou de tarde, pero non mixtos.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias	8%	42%	47%	3%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado sinala que teñen unha carga elevada de traballos, as datas de entrega están moi próximas e a maioría coinciden ao final do período lectivo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	8%	34%	55%	3%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado en xeral comenta que nalgúnhas materias foron avisados con bastante antelación dos prazos para os traballos, pero nalgúnhas outras materias non (a pesar de ser un traballo complexo).				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	5%	8%	74%	13%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado indica que a coordinación entre docentes nas materias compartidas é boa, pero tamén hai quen opina que as datas dos traballos se solapan pola falta de coordinación entre docentes				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	3%	11%	84%	3%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): hai un comentario illado referido ao feito de que nalgúns programas non se especifica o tipo de exame que se vai a facer e, no seu lugar, os docentes deciden explicalo o día da presentación da materia.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	3%	13%	66%	18%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): hai boa opinión sobre este ítem.				
10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				

11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
OBSERVACIÓNS XERAIS (resumir comentarios) Soamente hai 1 comentario no que se expresa a necesidade de rexeneración, modernizando tanto o profesorado menos adaptado a diferentes metodoloxías de ensino así como os espazos.				

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario (38 participantes, 2º curso Ed. Primaria):

En xeral o alumnado está bastante satisfeito coa maioría dos ítems (6 dos 9 que compoñen a enquisa). Están menos satisfeitos cos seguintes: **ítem 4** (horarios lectivos), **ítem 5** (carga de traballo autónomo nas materias) e **ítem 6** (número de traballos nas materias, prazos e datas de presentación). Entre os comentarios que máis se repiten están aqueles referidos aos horarios dispersos e irregulares, así como á carga de traballo elevada e datas de entrega moi próximas.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

Tras a comunicación pertinente dos resultados principais das enquisas, os docentes que imparten materias do 2º curso (grao en Mestre de Ed. Primaria) non realizaron observacións nin comentarios en relación aos datos recollidos.

2.4. Táboa-resumo (Dobre grao):

Número de respostas: 17 Data de recollida: 25/05/2023				
Curso e grao: Segundo Curso do Dobre grao				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	71%	29%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios do alumnado)				
2.- Espazos para a docencia	6%	29%	65%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado sinala a necesidade de ter máis aulas grandes para dar cabida a todo eles, xa que isto repercute na organización dos horarios. Tamén destacan a necesidade de melloras no mobiliario (os asentos son incómodas, nas aulas algúns enchufes para os portátiles non funcionan, as aulas son estáticas e non permiten ter interactivas máis dinámicas).				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	0%	94%	6%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): hai bastantes recursos aínda que sempre é mellorable				
4.- Horarios lectivos	47%	41%	12%	0%

OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado do dobre grao comenta que os horarios son discontinuos e dispersos, o que fai que deban permanecer na facultade máis tempo do necesario e non poidan realizar outras actividades nin conciliar coa súa vida persoal. Inciden na necesidade de ter un horario mellor distribuído como nas restantes Facultades nas que o alumnado ten clases só de mañá ou só de tarde.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre	6%	47%	47%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado comenta que nalgunhas materias a carga de traballo é excesiva, con traballos moi amplos, sobre todo tendo en conta a pouca flexibilidade que hai debido á dispersión dos horarios de clase.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	0%	24%	76%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado na maioría dos comentarios sinala que o número de traballos no dobre grao é elevado, que lles gustaría ter maior flexibilidade nas datas de entrega que estean xuntas, e que debería facilitárselles unha boa coordinación entre graos.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	35%	59%	6%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): indican que na maioría dos casos a coordinación entre docentes é adecuada, pero noutros casos non é boa. Destacan a falta de coordinación á hora de resolver dúbidas dun traballo compartido entre varios docentes, ou que para unha mesma materia teñan que entregar varios traballos finais (un por cada docente).				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	12%	88%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): só hai dous comentarios e sinálase que en ocasións non coñecen os criterios a partir dos cales se van a avaliar os traballos ou o exame, ou que os aspectos avaliábeis non están suficientemente especificados. Tamén se indica que nalgún caso os criterios iniciais son modificados sobre a marcha.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	24%	76%	0%
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios): o alumnado sinala que nalgunhas materias impártense contidos similares. Hai dous comentarios illados en relación a dúas materias.				
10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)				
OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)				
OBSERVACIÓNS XERAIS (resumir comentarios) Resaltan a necesidade de mellorar a organización e distribución dos horarios de clase, de xeito que lles permitan dispor de tempo para comer (reflexionan sobre a necesidade dunha cafetería na facultade) e que permitan compatibilizar a asistencia a clase con outras actividades formativas, tales como a asistencia a cursos dentro e fóra da Facultade.				

2.5. Síntese dos resultados do cuestionario (Dobre grao):

A maioría do alumnado do Dobre grao está bastante satisfeito con case todos os ítems, excepto cos referidos aos seguintes aspectos: **ítem 4** (horarios lectivos) e **ítem 5** (carga de traballo autónomo).

Os comentarios do alumnado que máis abundaron refírense aos horarios discontinuos e dispersos; nalgunhas materias a carga de traballo é excesiva e os traballos moi amplos. Tamén fixeron bastantes comentarios en relación ao número de traballos elevado que ten que entregar o alumnado do DG e á falta de flexibilidade nas datas de entrega. Comentan que, aínda que na maioría dos casos a coordinación entre docentes dunha mesma materia é boa, noutros casos hai pouca coordinación á hora de resolver dúbidas dun traballo compartido ou ben cando se solicita un traballo por cada docente da materia compartida.

2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

Tras a comunicación dos resultados principais das enquisas de coordinación ao profesorado, non se recibiron observacións específicas por parte dos docentes que imparten materias cursadas polo alumnado do 2º curso do Dobre grao.

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

No 1º semestre, o profesorado do 2º curso (Ed. Primaria/dobre grao) trasladou as seguintes **queixas, comentarios e suxestións**:

- O profesor **Vicente Blanco Mosquera** solicitoulle ao profesorado que respecte a data dos exames de xaneiro e non os adiante para decembro porque ocasiona trastornos no resto de materias: alumnado tenso, faltas de asistencia, etc. Indicou que a normativa da universidade permite que se fagan exames de forma excepcional para adiantar contido, pero o que se está facendo agora é pechar as materias en decembro. O profesor Vicente Blanco engadiu que esta é a segunda vez que sinala esta irregularidade e que non foi atendida, polo que solicita que se traslade á Xunta de Centro.

- O profesor **Rubén Navarro Patón** sinalou que no seu caso el realiza exames parciais de carácter opcional e que o alumnado sabe que isto non pode influír nas demais materias, nin nos traballos ou presentacións. Engade que as presentacións e exposicións se consideran tamén exames e formula a pregunta de se, neste caso, estaríamos todos os docentes incorrendo en irregularidades?

- A profesora **Noelia Estévez Rionegro** comentou que non coñece ningunha normativa que impida facer as exposicións que son parte da avaliación, exames parciais ou probas fóra da data oficial do exame. Sinala que as exposicións na materia que ela imparte no 1º semestre e a proba parcial do profesor Navarro non solaparon con sesións doutras materias. A profesora Estévez engade que as súas exposicións foron marcadas desde o primeiro día de clase no calendario de carga de traballos que todo o profesorado do curso pode consultar. Ademais reflexiona sobre o feito de que, ao longo do curso, a puntualidade e asistencia do alumnado a clase pode verse afectada por múltiples motivos e non por exames que se fagan puntualmente.

Outro aspecto que trasladou a profesora Estévez é o grande descoñecemento da normativa referida a "*reunión, manifestación e paro académico*" que figura no Estatuto do estudante. Indica que no primeiro semestre deste curso académico e do curso pasado houbo un total de 5 paróns académicos (aos que se soe referir como "folgas"), un deles produciuse este curso. E para a docencia impartida no primeiro semestre isto supón un número excesivamente alto.

Continúa a súa intervención sinalando que o alumnado ten dereito de "*reunión, manifestación e paro académico*", pero para exercelo debe formalizar o **artigo 39 do Estatuto do estudante** (<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/20551>) e isto non sucedeu en ningunha das 5 ocasións indicadas, nas que o alumnado intentou non ir a clase por estes motivos. As dúbidas sobre a oficialidade ou non dun parón, ou o cumprimento do citado artigo, resólvense chamando á Secretaría xeral, á Secretaría do reitorado ou á Secretaría do vicerreitorado. A profesora Noelia Estévez roga que sexan as persoas encargadas da xestión do centro (e non o profesorado afectado) quenes realicen as consultas e trasladen aviso oficial ao profesorado, no caso de existir o parón; e que, no caso de non existir dito parón, non se desinforme ao alumnado. Conclúe sinalando que o alumnado ademais de ter dereito aos paróns que cumpran a normativa, tamén teñen dereito a ser debidamente informados.

A continuación inclúese o **texto do citado Artigo 39** proporcionado pola profesora Noelia Estévez, no que resalta os **puntos 1, 4 e 5**:

1. *Se considera "paro académico" la ausencia voluntaria, y **previamente acordada en los órganos competentes**, del estudiantado de sus obligaciones académicas con el objeto de defender sus intereses y reivindicaciones.*
2. *El paro académico podrá ser general para el conjunto de la universidad o parcial en el caso de que afecte solo a alguno o algunos de los centros.*
3. *Mientras dure el paro académico debidamente acordado:*
 - a. *Deberá garantizarse tanto el derecho a no asistir, como el de asistir a las actividades académicas programadas por las personas que no secunden el paro.*
 - b. *No se suspenderán las actividades docentes, pero la inasistencia de quien secunde el paro no deberá tener incidencia en el resultado de la evaluación.*
4. *El paro académico general o parcial **deberá ser acordado por mayoría absoluta de los representantes en el Consejo del Estudiantado o, en su caso, en la junta de centro o delegación de estudiantes del centro.** Así mismo, las asociaciones registradas en el Registro de asociaciones estudiantiles de la USC podrán convocar paros debiendo obligatoriamente designar una comisión de seguimiento, que tendrá que ser comunicada al Rectorado.*
5. *El paro académico así como las causas que lo motivan deberán publicitarse convenientemente y comunicarse con antelación suficiente al Rectorado.*
6. *Cuando se acuerde realizar un paro académico se comunicará al Rectorado que personas se encargarán de velar por el seguimiento del paro y actuarán como interlocutores con el mismo en las reuniones que éste promueva para tratar de resolver las cuestiones suscitadas y las incidencias que pudieran surgir en su desarrollo.*

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual

- 20 de setembro de 2022: a través das aulas de coordinación correspondentes contactouse co alumnado do 2º curso do grao en Mestre de Ed. Primaria e do Dobre grao para proceder á elección de delegado/a e subdelegado/a. No **2º curso (grao en Mestre de Ed. Primaria)** escolleuse como delegada a Laura Pereira Macías. No **2º curso do Dobre grao** escolleuse como delegada a Lucía Andrade Castro e como subdelegada a Alba López Bruzos. As representantes do alumnado foron informadas das súas funcións na primeira reunión.

- O día 22 de novembro mantívose unha primeira reunión de coordinación presencial coa delegada do 2º curso (grao en Mestre de Ed. Primaria), e posteriormente o 13 decembro de 2022 e o 2 maio de 2023 consultóuselle de novo por correo sobre posibles incidencias e a marcha de ambos semestres. No caso do 2º curso-Dobre grao, o 17 de novembro celebrouse a reunión de coordinación (presencial) coa delegada e a subdelegada. As consultas adicionais sobre incidencias e marcha dos semestres realizáronse por correo o 13 de decembro de 2022 e o 30 de abril de 2023, respectivamente. As representantes destes graos non informaron de ningún problema ou incidencia durante este curso.

- 15 de Decembro de 2022 e 26 de maio de 2023: a finais de cada semestre enviouse un correo electrónico aos **docentes das materias de 2º curso** (Ed. Primaria e Dobre grao) para que comunicasen as incidencias ou os comentarios que considerasen oportunos en relación á marcha do curso. As incidencias trasladadas recóllense no apartado 3 do presente Informe.

- 30 de maio de 2023: enviouse un correo electrónico aos **docentes das materias de 2º curso** (Ed. Primaria e Dobre grao) para comunicarlles os resultados das enquisas de coordinación. Asimesmo, os resultados das enquisas do Dobre grao foron comunicados na mesma data aos docentes que imparten outras materias cursadas polo alumnado do Dobre grao. Non se recibiron observacións ou comentarios por parte do profesorado.

5. Outras observacións ou comentarios

Data e sinatura: 17/06/2023

María J. Romero Castro

Coordinadora do 2º curso do Grao en Mestre de Ed. Primaria

Coordinadora do 2º curso do Dobre grao

NOTA: adxuntar como anexos as evidencias escritas das reunións de coordinación.

ANEXOS:

Consulta ao profesorado sobre posibles incidencias no 1º semestre:

Consulta sobre incidencias-1º semestre

Traducir mensaje a: Español | Nunca traduzca de: Gallego

R ROMERO CASTRO MARIA JOSE
Para: MIGUEZ SALINA GABRIELA DOLORES; SARCEDA GORGOSO CARMEN; BLANCO MOSQUERA VICENTE; NAVARRO PATON RUBEN; ESTEVEZ RIONEGRO NOELIA y 1 usuarios | Jue 15/12/2022 18:40

Boas tardes, compañeiras/os como coordinadora do 2º curso (grao en Ed. Primaria e Dobre grao) estou elaborando o Informe de coordinación sobre a marcha do primeiro semestre. Contacto con vós por se queredes informar dalgunha incidencia no desenvolvemento das materias que impartístedes, ou trasladar algunha suxestión ou comentario ao respecto. Podedes enviarme os vosos comentarios respondendo a este correo, con data límite o próximo luns 19 de decembro. Contactarei coas delegadas do 2º curso (Primaria e Dobre grao) para consultarlles tamén sobre a marcha das materias deste semestre. Se me comunicasen algunha incidencia nos vindeiros días, vos informaría ao profesorado do curso por se considerades pertinente dar resposta aos comentarios enviados polo alumnado. A información recollida será incluída no Informe de coordinación de curso, trasladada á coordinación de título e posteriormente levada á Xunta de Facultade.

un saúdo,
María

Dr. María José Romero Castro
Profesora Ayudante Doctora
Coordinadora de 2º curso en Grado Maestro/a de Ed. Primaria y Doble grado
Departamento de Didácticas Aplicadas
Área de Didáctica de las Ciencias Experimentales
Facultad de Formación del Profesorado
Universidad de Santiago de Compostela

Consulta ao profesorado sobre posibles incidencias do 2º semestre:

consulta sobre incidencias-2º semestre

Traducir mensaje a: Español | Nunca traduzca de: Gallego

R ROMERO CASTRO MARIA JOSE
Para: GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; RODRIGUEZ VIVERO DOLORES; LOIS PRADOS CRISTINA; LOPEZ RUA PAULA; DOYLE KATIE RHIANNA y 4 más | Vie 26/05/2023 12:55

Bos días a tod@s, estou redactando o informe de coordinación do 2º curso (grao en Ed. Primaria e Dobre grao) e quería consultavos se houbo algunha incidencia no desenvolvemento das materias de 2º curso que impartístedes neste semestre, ou se queredes facer algunha suxestión ao respecto. Podedes enviarme os vosos comentarios respondendo a este correo, con data límite o próximo xoves 1 de xuño. As incidencias e suxestións que comunicades incluíranse no Informe de coordinación de curso, trasladarase á coordinación de título e posteriormente levarase á Xunta de Facultade.

un saúdo e grazas,
María

Dr. María José Romero Castro
Profesora Ayudante Doctora
Coordinadora de 2º curso en Grado Maestro/a de Ed. Primaria y Doble grado
Departamento de Didácticas Aplicadas
Área de Didáctica de las Ciencias Experimentales
Facultad de Formación del Profesorado
Universidad de Santiago de Compostela

Comunicacións dos resultados principais das enquisas de coordinación cubertas polo alumnado:

Resultados das enquisas de coordinación para alumnado-2º curso

R ROMERO CASTRO MARIA JOSE
Para: GONZALEZ SEQUEIROS PABLO; RODRIGUEZ VIVERO DOLORES; LOIS PRADOS CRISTINA; LOPEZ RUA PAULA; DOYLE KATIE RHIANNA y 10 más | Mar 30/05/2023 11:18

Bos días, enviámos un resumo dos resultados da enquisa de coordinación do 2º curso (Ed. Primaria e Dobre grao) que se detallarán no informe de coordinación. Incluíu tamén a información que recollín por parte do alumnado sobre a marcha do curso:

- **Incidencias nas materias:** as representantes do 2º curso (grao Ed. Primaria e Dobre grao) non comunicaron ningunha incidencia durante este curso académico.
- **Resultados das enquisas de coordinación:** tras revisar as respostas do alumnado, pódese destacar o seguinte:
 - a) **Enquisa-2º curso Ed. Primaria (38 participantes):** en xeral o alumnado está bastante satisfeito coa maioría dos ítems da enquisa. Os ítems cos cales están menos satisfeitos son: os horarios lectivos (horarios moi dispersos e irregulares que non permiten compatibilizar os estudos con outras actividades), a carga de traballo e o número de traballos (a carga de traballo é elevada, datas de entrega moi próximas, nalgúns casos non se avisou con suficiente antelación dos traballos).
 - b) **Enquisa- Dobre grao (17 participantes):** a maioría do alumnado do dobre grao está bastante satisfeito con case todos os ítems, excepto cos referidos a: horarios lectivos, cos que están nada ou pouco satisfeitos (horarios discontinuos e dispersos que non permiten conciliar os estudos con outras actividades); a carga de traballo autónomo (nalgúns materias a carga de traballo é excesiva e con traballos moi amplos).

Nos restantes ítems, as observacións do alumnado que máis abundaron refírense ao número de traballos elevado que ten que entregar o alumnado do DG, e á falta de flexibilidade nas datas de entrega coincidentes ou moi próximas entre si. Con respecto ao ítem solapamento de contidos entre materias ou dentro dunha materia compartida, hai comentarios illados referentes a dúas materias. Ademais comentan que, aínda que na maioría dos casos a coordinación entre docentes dunha mesma materia é boa, noutros casos hai pouca coordinación á hora de resolver dúbidas dun traballo compartido ou ben cando se solicita un traballo por cada docente da materia compartida.

Se queredes comentar algo sobre os resultados para incorporalo ao Informe, agradecería que me contactádeses ao longo desta semana.

un saúdo,
María

Dr. María José Romero Castro
Profesora Ayudante Doctora
Coordinadora de 2º curso en Grado Maestro/a de Ed. Primaria y Doble grado

INFORME DE COORDINACIÓN DO CURSO 2022-2023

CURSO E GRAO: Terceiro curso de Educación Infantil e terceiro curso de Dobre Grao

COORDINADORA: Montserrat Souto Gómez

1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO (RECOMPILAR DO PROFESORADO)

Data:	Do 21 de marzo de 2023 ao 19 de maio de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Paula Rodríguez Abruñeiras
Título:	<i>Que (non) morra o conto!</i>
Breve descrición:	Este proxecto consiste en recuperar contos, historias e lendas que forman parte do patrimonio da literatura popular galega e transmitirlos ás crianzas para, por un lado, evitar que estes se perdan e, por outro, espertar nas crianzas o interese pola lectura e polos contos tradicionais galegos. Para iso, o alumnado debe (en grupos de traballo) falar con persoas maiores do seu entorno e conseguir que unha lle conte un conto, o cal terán que gravar e transcribir. Con eses datos, o alumnado debe adaptar ese conto ao alumnado de Educación Infantil. Unha vez lista a adaptación, deberán ir a centros educativos da súa elección a contarlles os contos.
Materia vinculada:	Educación e linguas en Galicia
Data:	Do 7 de febreiro de 2023 ao 25 de abril de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de innovación
Responsable:	Rocío García-Pedreira
Título:	<i>Club de lectura + blog “Petiscando Libros” (2ª edición)</i>
Breve descrición:	O obxectivo principal foi ofrecer un espazo de lectura dialóxica, mediante a estratexia do club de lectura, cuxos resultados foron postos a disposición da sociedade mediante o desenvolvemento dun blog de recomendacións literarias e propostas didácticas, realizado por e para docentes, titulado Petiscando libros. Ademais, o proxecto continúa unha primeira edición da proposta realizada durante o ano 2021/2022, que obtivo uns resultados moi positivos e que confirmaron a viabilidade do recurso creado (https://petiscandolibros.wordpress.com/).
Materia vinculada:	Literatura e arte

Data:	Do 7 de febreiro de 2023 ao 23 de xuño de 2023
Tipo de actividade:	Proxecto de innovación
Responsable:	Rocío García-Pedreira
Título:	<i>"Petíscome" Temporada 1: creadoras galegas. Un videopodcast sobre libros e ilustración</i>
Breve descrición:	Petíscome" é unha experiencia de videopodcast con perspectiva de xénero no eido da formación literaria e artística de docentes en formación. A primeira temporada á que fai referencia esta memoria compúxose de oito capítulos que acolleron diversas entrevistas a creadoras e ilustradoras galegas vinculadas co mundo do álbum ilustrado, cómic e obras literarias dirixidas á infancia e xuventude. Contou co apoio económico do Servizo de Normalización Lingüística da USC (a través da convocatoria de axudas para actividades de normalización lingüística) e do decanato da Facultade de Formación do Profesorado para o pagamento ás invitadas e formadores. Por outra parte, a biblioteca da mesma facultade fíxose cargo da compra dos exemplares das obras das autoras que non estaban xa dispoñibles no catálogo. Finalmente, tamén colaboraron mediante o préstamo de material técnico os grupos de investigación LITER21 —ao que pertence a docente responsable da materia— e o Grupo de Investigación en Comunicación Audiovisual.
Materia vinculada:	Literatura e arte

2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

2.1. Táboa-resumo de 3º curso de Educación Infantil

Número de respostas: 65					Data de recollida: 07/06/2023				
Curso e grao: Terceiro Curso Educación Infantil									
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)								
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO					
1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais	3%	9%	43%	10%					
OBSERVACIÓNS Oito persoas indican que hai demasiado alumnado nos grupos expositivos ou interactivos. Unha desas persoas destaca o caso de Teoloxía católica e a súa pedagogía (100 persoas nun grupo interactivo).									
2.- Espazos para a docencia	6%	15%	36%	8%					

OBSERVACIÓNS				
En trece respostas móstranse diversas incomodidades: aulas anticuadas, cadeiras incómodas, falta de espazos adecuados ás diversas actividades... Destacan en positivo o laboratorio de educación infantil e a aula de plástica.				
3.- Recursos técnicos para a docencia	4%	14%	38%	9%
OBSERVACIÓNS				
Cinco estudantes destacan a escaseza de material e o mal funcionamento dos proxectores.				
4.- Horarios lectivos	21%	21%	18%	5%
OBSERVACIÓNS				
O alumnado protesta por ter horario partido, ocos libres entre clases, clases os venres á tarde e dificultade para conciliar con outras actividades (21 respostas).				
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I	3%	8%	41%	13%
OBSERVACIÓNS				
Tres respostas inciden na excesiva carga de traballo.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	4%	21%	36%	4%
OBSERVACIÓNS				
Dez persoas destacan o exceso de traballo, sobre todo no segundo semestre. Cítase en concreto a enorme carga de traballo da materia <i>Educación emocional</i> .				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	5%	14%	42%	4%
OBSERVACIÓNS				
Obsérvase falta de coordinación e, en consecuencia, repetición de contidos (cinco respostas).				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	5%	13%	43%	4%
OBSERVACIÓNS				
Oito persoas fixeron referencia ao sistema de avaliación da materia de Música na Educación Infantil. Como se explicará máis tarde, a reclamación do alumnado foi resolta coa intervención do Decanato.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a	6%	13%	37%	9%

OBSERVACIÓNS

Só unha persoa insiste na idea de que hai solapamento de contidos, pero non indica entre que materias.

OBSERVACIÓNS XERAIS

As seis observacións xerais recibidas fan referencia aos horarios, solicitando que haxa clase só polas mañás, “igual que noutras universidades”.

2.2. Síntese dos resultados do cuestionario

O alumnado amósase satisfeito en xeral con oito dos nove ítems cuestionados, tal e como se mostra cos datos numéricos en cor verde. Pola contra, atópase pouco satisfeito cos horarios lectivos, por todas as razóns que se indican na pregunta 4.

2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

2.3.1. Teoloxía católica e a súa pedagogía

En resposta á pregunta 1 (Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e tutoriais), o 83 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse satisfeito. Aínda así, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: “En *Relixión* eramos 100 persoas nunha interactiva. Parécenme demasiadas”.

O profesor da materia responde:

“Efectivamente, o tema dos interactivos foi complexo. Tiña 139 alumnos para dous grupos interactivos concedidos e, aínda que hipoteticamente se puidesen dividir á metade sen mais, serían agrupamentos de case 70. Con todo, antes de resignarme a que tiña que ser así (un interactivo de case 100 e outro co resto), saben eles que probamos moitas cousas. Pedir outro grupo de centro, cando tiñan xa todos os horarios organizados (hai que ter en conta que a esta optativa veñen de infantil, primara e dobre grado) non resolvía o problema. Pero si lles consultei a posibilidade de partir os grupos, si lles pedín aos que podían que se movesen ao menos numeroso, etc., con resultados pouco eficaces. Con todo, fixemos o que puidemos. Era mais molesto polo espazo reducido (as expositivas xa foron todas no salón de actos) que polos números en si. Para o ano teño un terceiro grupo interactivo xa en horario, co cal -á falta de saber os números de matrícula- probablemente esta dificultade non se presente”.

2.3.2. Educación emocional

En resposta á pregunta nº 11 (Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación), o 62.5 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse satisfeito. Aínda así, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: “Na materia de *Educación emocional* moita carga de traballo”.

A profesora da materia responde:

“Sinceramente non considero que teña que falar nada con eles. A carga de traballo de este ano foi moito menor á do ano pasado. Había moitas cousas opcionais e moita xente

fixo máis do que se lle pedía. E todos tiñan a opción de obter a mesma puntuación realizando un exame final en vez de avaliación continua. Polo tanto, considero que non teñen razón. Pero sempre teñen algo de que queixarse. Considero que estamos sendo moi paternalistas co alumnado, dentro de pouco van ser eles os que determinen o programa das materias”.

2.4. Táboa-resumo de 3º curso do Dobre Grao

Número de respostas: 12 Data de recollida: 07/06/2023				
Curso e grao: Terceiro curso do Dobre Grao				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais	0%	0%	11%	1%
OBSERVACIÓNS Non hai				
2.- Espazos para a docencia	0%	5%	7%	0%
OBSERVACIÓNS Fálase de espazos incómodos, destacando a aula de música e as aulas interactivas da mención de Audición e Linguaxe (3 respostas).				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	3%	9%	0%
OBSERVACIÓNS Unha persoa observa que os recursos non son suficientes, sen dar detalles.				
4.- Horarios lectivos	3%	5%	3%	1%
OBSERVACIÓNS Cinco persoas insisten en que os horarios non son adecuados (moitas horas mortas, todo o día na facultade e só unha hora para comer).				
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I	3%	3%	6%	0%
OBSERVACIÓNS Cinco respostas inciden na excesiva carga de traballo autónomo, sobre todo cando “os docentes non ofrecen as explicacións de acordo co nivel que despois esixen nas probas escritas”.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	2%	7%	3%	0%

OBSERVACIÓNS				
Cinco persoas destacan o elevado número de traballos. Unha sexta persoa cita tres materias nas que o traballo está moi ben organizado (<i>Detección de trastornos, Aprendizaxe da lingua oral e Xeometría</i>) e unha materia na que houbo só tres semanas para facer unha unidade didáctica e presentala (<i>Música na Educación Primaria</i>).				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	3%	8%	1%
OBSERVACIÓNS				
Unha persoa fala de contradición de contidos entre a primeira e a segunda parte dunha materia; outra persoa fala de repetición de contidos.				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	4%	8%	0%
OBSERVACIÓNS				
Non hai				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a	6%	3%	3%	0%
OBSERVACIÓNS				
Sete persoas observan repeticións de contidos entre materias de infantil e materias de primaria. Citan os seguintes exemplos: Música de Infantil e Primaria; Motricidade infantil e Fundamentos da educación física; Psicoloxía do desenvolvemento 0-3, 3-6, 6-12; Ensino e aprendizaxe de linguas en contextos multilingües e Aprendizaxe da lingua oral.				
OBSERVACIÓNS XERAIS				
Unha persoa destaca a pésima organización dos horarios e do plan de estudos do Dobre Grao.				

2.5. Síntese dos resultados do cuestionario

O alumnado amósase satisfeito en xeral con cinco dos nove ítems cuestionados, tal e como se mostra cos datos numéricos en cor verde. Pola contra, atópase pouco satisfeito cos horarios lectivos, a carga de traballo autónomo, o número de traballos e o solapamento de contidos entre as materias.

2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

En resposta á pregunta nº 11 (Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación), o 75 % do alumnado que contestou a enquisa mostrouse pouco ou nada satisfeito. Ademais, nas observacións, unha persoa fixo a seguinte consideración: "En esta pregunta tengo diversidad de opiniones, considero que hay materias en las que se organiza muy bien el trabajo(...); pero hay otras materias en las que no, como es el caso de *Música en la Educación Primaria*, donde hemos dispuesto de 3 semanas para realizar una Unidad Didáctica y su respectiva presentación".

A profesora responsable da materia responde que o alumnado dispuxo de moito máis de tres semanas para realizar a unidade didáctica e preparar súa presentación oral, e non considera necesario transmitir ningunha xustificación ao alumnado.

3. SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO /ALUMNADO

O 28 de abril de 2023, unha parte do alumnado da materia *Música na Educación Infantil* mostrou o seu descontento polo sistema de avaliación desenvolvido polo profesor substituto en comparación co sistema de avaliación mantido pola profesora titular en anos previos. Coa mediación do Decanato, o profesor da materia presentou ao alumnado dous sistemas de avaliación alternativos, para que puidesen elixir o que considerasen máis adecuado.

A parte desta queixa, e tras preguntar por e-mail tanto ás delegadas de curso como ao profesorado, non houbo máis suxestións nin demandas ao longo do curso.

4. RESUMO DAS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

4.1. Comunicación co alumnado

Do 8 ao 29 de setembro de 2022 tivo lugar o proceso de elección de delegada e subdelegada de curso. A votación foi a través da aula virtual de coordinación e os resultados foron os seguintes:

- 3º Curso de Educación Infantil
 - Delegada: Noelia Rodríguez Varela
 - Subdelegada: Thalía Fernández Rodríguez
- 3º Curso do Dobre Grao
 - Delegada: Lucía Lorenzo Otero
 - Subdelegada: Nuria López García

O 1 de decembro de 2022 desde esta coordinación recordóuselles a importancia de cubrir as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

O 14 de decembro de 2022 recibiron a solicitude de que comunicasen ás súas delegadas calquera tipo de demanda, suxestión ou queixa. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

O 25 de abril de 2023 solicitouse a súa colaboración para cubrir a enquisa de coordinación de curso. Contactouse, ademais, coa profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (Cristina Martínez Tejero) e co profesor de *Escola Inclusiva e NEE* (Ricardo Fandiño Pascual) para que facilitasen ao alumnado a realización das enquisas durante as súas horas de clase. Sen dúbida, o alto grado de participación deste ano (65 respostas en Infantil e 12 en Dobre Grao) é grazas á colaboración destes dous profesores.

Do 28 de abril ao 2 de maio de 2023 tivo lugar o proceso de resolución da queixa do alumnado sobre a avaliación da materia de *Música na Educación Infantil*.

O 12 de xuño de 2023 enviouse ao alumnado a información do Decanato sobre os resultados da enquisa de coordinación de curso.

O 20 de xuño de 2023 recordouse ao alumnado a importancia de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación.

4.2. Comunicación co profesorado

Ao inicio de cada semestre, esta coordinación púxose en contacto co profesorado de 3º de Infantil e Dobre Grao para pedirles que cubrisen os calendarios de entrega de traballos e o rexistro de actividades transversais.

Ao final de cada semestre (14/12/2022 e 24/05/2023) solicitouse ao profesorado que comunicase calquera demanda, suxestión ou queixa que tivera sobre o desenvolvemento do curso. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

O 24 de maio de 2023 realizouse o informe de revisión dos programas de 3º curso de Educación Infantil e enviouse á coordinadora do título de Infantil.

O 7 de xuño de 2023 procedeuse a comunicar a tres profesores/as os comentarios do alumnado sobre materias concretas na enquisa de coordinación. Os tres profesores implicados responderon dando as súas explicacións e engadindo que non era necesario que esa explicación chegase ao alumnado (apdos. 2.3 e 2.6).

O 20 de xuño de 2023 recordouse ao profesorado a importancia de participación nas enquisas de satisfacción coa titulación.

Tendo en conta que non houbo ningún tipo de suxestión ou queixa por parte do profesorado, esta coordinación non considerou necesario convocar ningunha reunión ao longo do curso 2022-2023.

O que asino en Lugo, a 22 de xuño de 2023

SOUTO
GOMEZ
MONTSERRAT
- 76863633W

Firmado
digitalmente por
SOUTO GOMEZ
MONTSERRAT -
76863633W
Fecha: 2023.06.22
19:57:18 +02'00'

Asdo. Montserrat Souto Gómez

INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

INFORME DE COORDINACIÓN 2022- 2023

CURSO E GRAO: 3º Curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria

NOME DA COORDINADORA DE CURSO: Virginia Aznar Cuadrado

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso.

Data de inicio da actividade:	19 de setembro de 2022
Data de finalización da actividade:	20 de setembro de 2022
Duración da Actividade:	1 sesión (90 min.) cada grupo
Tipo de actividade:	Saída de campo
Responsable:	Virginia Aznar Cuadrado
Nome da actividade:	Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)
Materia/s vinculadas:	(G3151322) Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
Breve Descrición:	Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):	<p>Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.</p> <p>Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 92 alumnos e alumnas dun total de 98 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre</p>

	sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.
--	--

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

Este curso ningún alumno nin alumna cubriu a enquisa a pesares de facilitar o acceso a ela na aula de coordinación e a través do correo electrónico, de solicitar ao profesorado que deixara uns minutos da clase para que o alumnado a puidera cubrir e de enviar recordatorios dende a coordinación nos meses de abril e maio.

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

Tanto o alumnado como o profesorado no indican nada referido a esta cuestión.

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado

4.1. REUNIÓN DE COORDINACIÓN COS DELEGADOS DE CURSO

Nun primeiro contacto co alumnado de 3º Primaria, nas primeiras sesións de clase, solicitouse que elixiran delegado/a e subdelegado/a de curso. Os representantes elixidos foron:

Delegado: Javier Gil Rubido (javier.gil@rai.usc.es)

Subdelegada: Lucía Lorenzo Otero (lucia.lorenzo.otero@rai.usc.es)

Fálase con eles nas sesións de aula sobre o significado de ser delegada e subdelegada de curso e a función de representar aos compañeiros e compañeiras en todos os actos e reunións que se lles solicite. Comunícaselles a intención de facer dúas reunións ordinarias no curso, unha ao finalizar o primeiro semestre e a outra ao final do segundo, e da posibilidade de reunirnos todas as veces que o alumnado o solicite.

Tamén se lles informa de que a comunicación de coordinación con todo o alumnado de 3º Primaria será a través da Aula de Coordinación do Campus Virtual establecida para tal fin. E que poden participar nela propoñendo a publicación de información relevante para o alumnado de 3º Primaria.

O día 22 de setembro de 2022 publícanse na Aula Virtual de Coordinación do Campus Virtual da USC os datos destes representantes para que, tanto o alumnado como o profesorado, se podan poñer en contacto con eles.

Data: 21-12-2022

Lugar: Facultade de Formación do Profesorado (reunión virtual a través da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico).

Asistentes: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), todo o alumnado de 3º Primaria.

Convócase ao alumnado a través do “Foro de alumnado” da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico institucional para a revisión da marcha do curso neste primeiro semestre solicitando un informe sobre incidencias, queixas, comentarios e suxestións. O delegado refire que foi todo ben xa que ninguén manifestou o contrario.

Data: 29-01-2023

Lugar: Facultade de Formación do Profesorado (reunión virtual a través do correo electrónico).

Asistentes: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), Javier Gil Rubido (delegado de 3º Primaria)

O delegado, como representante de 3º Primaria, comenta as inxedanzas de parte do alumnado sobre os horarios dos grupos interactivos nas materias optativas. Suxíreselle que asistan á primeira sesión de cada materia e que o/a docente correspondente aclarará a delimitación dos grupos.

Data: 11-05-2023

Lugar: Facultade de Formación do Profesorado

Asistentes: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), Javier Gil Rubido (delegado de 3º Primaria)

Convócase ao delegado e a subdelegada de 3º Primaria para valorar a marcha do segundo semestre. Só acude o delegado á xuntanza presencial en representación do resto de compañeiros e compañeiras. Comenta que non houbo ningunha incidencia destacable, nin queixa nin suxestión que facer agás un pequeno comentario sobre un docente, dunha materia optativa, co que non están de acordo nin coa súa metodoloxía nin coa dedicación horaria nas sesión de aula. O delegado tamén apunta que xa o coñecían dende 1º curso, sabían como era e resignábanse por medo a represalias.

4.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN CO PROFESORADO

Data: 14-12-2023

Lugar: Facultade de Formación do Profesorado (reunión virtual a través da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico).

Asistentes: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), todos os docentes de 3º Primaria.

Convócase ao profesorado a unha reunión virtual a través do “Foro de profesorado” da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico institucional para recoller información sobre a marcha do curso e sobre posibles incidencias. Non hai nada que sinalar por parte do profesorado.

Data: 26-5-2022

Lugar: Facultade de Formación do Profesorado (reunión virtual a través da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico).

Asistentes: Virginia Aznar Cuadrado (Coordinadora 3º Primaria), todos os docentes de 3º Primaria.

Convócase ao profesorado a unha reunión virtual a través do “Foro de profesorado” da Aula Virtual de Coordinación e o correo electrónico institucional para recoller información sobre a marcha do curso e sobre posibles incidencias. Non se recibiron achegas do que se pode extraer que o curso decorreu con normalidade neste segundo semestre.

Data e sinatura

26 de maio de 2022



INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

2022/2023

Cuarto Curso de Educación Primaria e Dobre Grao
Coordinadora: Anastasiia Ogneva

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso

No **Anexo I** deste documento están recollidas as actividades transversais, prácticas de campo, ApS, charlas con profesionais externos, etc. que foron realizadas e rexistradas polo profesorado ao longo do curso 2022/2023. En total, rexistráronse **cinco** actividades: 1) Curso de competencias en información (nivel avanzado) (responsable: César Gómez, director da biblioteca; 2) Saída de campo no eido da materia Educación en Contextos Rurais (responsable: profesor Francisco Xosé Candia Durán); 3) Seminario cun profesional externo de Logopedia na materia Educación Vocal para Docentes (responsable: profesora Anastasiia Ogneva); 4) Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia e ao Museo do Pobo Galego no eido da materia Educación en Contextos Rurais (responsable: profesor Francisco Xosé Candia Durán); 5) Xornada Iniciando a miña carreira investigadora (responsable: profesora Anastasiia Ogneva). Os resultados destas actividades, en liñas xerais, son positivos.

2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

2.1. Síntese dos resultados

No primeiro semestre, o día 22 de novembro de 2022 enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación informando ao alumnado sobre a apertura da enquisa de satisfacción e solicitando a súa participación. Os resultados enviáronse ao profesorado o día 10 de xaneiro de 2023. No segundo semestre, o día 15 de maio enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación informando ao alumnado sobre a apertura da enquisa de satisfacción e solicitando a súa participación. Enviouse un recordatorio o día 18 de maio a través do Campus Virtual. Os resultados da enquisa do segundo semestre extraéronse o xoves 1 de xuño.

No primeiro semestre, a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 31 persoas (27 de Primaria e 4 de Dobre Grao). Tanto o alumnado de Primaria coma o alumnado de Dobre Grao maniféstase bastante ou moi satisfeito coa meirande parte dos ítems da enquisa. A maioría do alumnado de cuarto de primaria maniféstase bastante ou moi satisfeito coa meirande parte dos ítems da enquisa: o número de alumnos nas sesións (78% do alumnado bastante ou moi satisfeito), os espazos (88%), os recursos técnicos (85%), o número de traballos e prazos (81%), a coordinación entre docentes que comparten materia (78%), a adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas (89%), e non se detectan solapamentos de contidos entre materias ou na mesma materia cando é compartida (78% do alumnado bastante ou moi satisfeito). Os ítems cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os horarios (45% bastante ou moi satisfeito e 55% pouco ou nada satisfeito. Nos comentarios seis persoas sinalan como problema a dispersión dos horarios) e a carga de traballo autónomo no primeiro semestre (56% bastante ou moi satisfeito e 45% pouco ou nada satisfeito. Catro

persoas sinalan especificamente a carga de traballo do mes de decembro, e en concreto dos últimos 15 días de clase. As porcentaxes de baixa satisfacción non son, en todo caso, moi elevadas. En canto ao alumnado de dobre grao, os resultados son similares aos do grao. Dese xeito, a maioría do alumnado maniféstase bastante ou moi satisfeito coa meirande parte dos ítems da enquisa: o número de alumnos nas sesións (100% do alumnado bastante ou moi satisfeito), os espazos (100%), os recursos técnicos (75%), a carga de traballo autónomo do semetre (75%), o número de traballos e prazos (100%), a coordinación entre docentes que comparten materia (75%), e a adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas (100%), e non se detectan solapamentos de contidos entre materias ou na mesma materia cando é compartida (78% do alumnado bastante ou moi satisfeito). Os ítems cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os seguintes: os horarios (50% bastante ou moi satisfeito e 50% pouco ou nada satisfeito. Nos comentarios unha persoa sinala a dispersión de horarios no día e outra a concentración de horas nalgúns días deixando outros baleiros) e o solapamento de contidos entre materias ou na mesma materia cando é compartida (50% bastante ou moi satisfeito e 40% pouco ou nada satisfeito. Unha persoa sinala que algunhas materias repiten contidos de anos anteriores pero non proporciona detalles específicos). En conxunto, as porcentaxes de baixa satisfacción non son elevadas.

No segundo semestre a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 19 persoas (16 de Primaria e 3 de Dobre Grao). En canto ao alumnado de Primaria, a maioría maniféstase bastante ou moi satisfeita (94%) co organización, posta en marcha e realización do TFG e do Prácticum II. Nas observacións, unha persoa comenta que lle parece inxusto que o alumnado de Dobre Grao pode escoller titores do TFG antes que o resto e que teñen prioridade ao escoller o centro de prácticas a pesar de ter menos nota que o alumnado de Primaria. Outra persoa comenta que non recibiron instrucións sobre o TFG ata un mes antes da súa entrega. Un dos alumnos enquisados manifesta que hai pouca empatía por parte de profesorado de cara ao alumnado e suxire mellorar a organización de prazos no Prácticum II.

Do alumnado de cuarto do Dobre Grao unicamente se obtiveron tres respostas, polo que os resultados non poden considerarse significativos. En calquera caso, o alumnado atópase satisfeito cos horarios lectivos, número de traballos, coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a, a adecuación dos contidos, non detecta solapamentos de contidos, está tamén satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum II. A compatibilidade do prácticum co resto das materias é o ítem onde observamos menos satisfacción do alumnado. En concreto, unha persoa comenta que ao ter que acudir tres días á semana á clase, ás veces resaltouse complexo poder compatibilizar todo o traballo e as responsabilidades persoais.

No **Anexo II** deste documento atópase o resumo dos resultados das enquisas de coordinación de ambos semestres.

2.2. Observacións do profesorado

O profesorado foi informado da realización das enquisas e dos resultados recollidos nos dous semestres para poder facer as observacións pertinentes. No segundo semestre, a profesora Paula López Rúa fai chegar un comentario con respecto á enquisa de coordinación de cuarto de primaria na que unha persoa enquistada indicou que lle parecía inxusto que o alumnado de dobre grao puidese elixir o centro de prácticas antes aínda que teñen menos nota media. A profesora Paula López Rúa comenta que é necesario recordar

ao alumnado de grao que o alumnado de dobre grao ten preferencia en elixir o centro de prácticas, dado que teñen que compatibilizar o prácticum con materias que se imparten na Facultade. O día 12 de xuño a coordinadora trasladou este comentario ao alumnado a través de Campus Virtual.

3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

Non se rexistraron suxestións, demandas ou queixas nin por parte do profesorado nin do alumnado.

4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado

4.1. Elección de delegada e subdelegada

O día 13 de setembro de 2022 enviouse unha mensaxe de benvida a través do Campus Virtual e informouse da necesidade de escoller representante tanto ao alumnado do grao coma do dobre grao. O día 23 de setembro de 2022 e o día 26 de setembro de 2022 comunicáronse ao datos dos representantes do alumnado de cuarto de primaria e ao alumnado do dobre grao respectivamente.

4.2. Información sobre dúbidas, queixas, suxestións e incidencias do primeiro e segundo semestre

O 14 de decembro de 2022 solicitouse información polo Campus Virtual sobre queixas, suxestións ou incidencias ao alumnado de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao. Non se recibiu ningunha queixa, dúbida, suxestión.

O día 10 de xaneiro de 2023 comunicouse a través do Campus Virtual ao alumnado o cambio na coordinación de cuarto de Primaria e de dobre grao a partir do mes de xaneiro.

4.3. Comunicacións mantidas co profesorado

O día 4 de setembro de 2022 enviouse unha mensaxe de benvida ao novo curso académico e solicitouse ao profesorado cubrir o documento sobre a carga do traballo no primeiro semestre. No **Anexo III** deste documento atópase o calendario cuberto polo profesorado sobre a carga de traballos do primeiro semestre. Cómpre sinalar que este documento foi de utilidade para o profesorado á hora de flexibilizar as datas de entregas dos traballos.

Por outra banda, os resultados das enquisas de satisfacción do primeiro semestre enviáronse ao profesorado o día 10 de xaneiro de 2023. Os resultados das enquisas de satisfacción do segundo semestre foron comunicados ao profesorado o día 9 de xuño de 2023 na reunión de coordinación de cuarto de primaria e de dobre grao. De mesmo xeito, nesta reunión informouse ao profesorado sobre o proceso de revisión dos programas do curso 2023/2024. No **Anexo V** desde documento atópase a acta de reunión.

4.4. Informe final das delegadas sobre a marcha do curso

O día 17 de maio de 2023 a coordinadora solicita á delegada de cuarto de Primaria (Tania Moya Silva) e de cuarto de dobre grao (Andrea Amenedo Seijas) a elaboración dun informe onde recolla as percepción propia e do resto do alumnado con respecto da marcha

do curso, as materias e a docencia recibida. O informes foron recibidos os días 26 e 27 de maio de 2023. Os documentos achegados poden consultarse no Anexo IV deste informe.

4.5. Outras comunicacións

Ao longo do curso 2022-2023 empregouse o foro do Campus Virtual de Coordinación para informar sobre actividades, incidencias e solicitudes ao alumnado.

5. Outras observacións ou comentarios

Non hai.

Lugo, 13 de xuño de 2023



Asdo: Anastasiia Ogneva

ANEXO I
ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

Data:	9 de Setembro de 2022
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Francisco Xosé Candía Durán
Título:	Saída de campo
Breve descrición:	Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a xornada foi ao aire libre e o alumnado precisaba ir apuntando sobre o que iamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade.
Materia vinculada:	G3151441B Educación en Contextos Rurais
Data:	17 de Outubro de 2022
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Anastasiia Ogneva
Título:	O coidado da voz en docentes
Breve descrición:	Unha charla organizada no eido da materia Educación Vocal para Docentes (G3151442). Invitouse un profesional do ámbito de Logopedia, David Posada Fernández, que impartiu un seminario sobre o coidado da voz en docentes abordando cuestións teóricas da materia, así como propoñendo exercicios prácticos para traballar as habilidades vocais.
Materia vinculada:	G3151442 Educación Vocal para Docente

Data:	Novembro 2022
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Biblioteca da Facultade de Formación do Profesorado
Título:	Curso de competencias en información (nivel avanzado)
Breve descrición:	<i>Curso de orientación para a elaboración de traballos académicos</i>
Materia vinculada:	Interdisciplinar, TFG
Data:	24 de Xaneiro de 2023
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Francisco Xosé Candía Durán
Título:	Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia e ao Museo do Pobo Galego
Breve descrición:	<p>Como actividade final de semestre visitamos o Museo Pedagóxico de Galicia, instalación cultural que (en parte) pretende homenaxear as mestras e mestres rurais e a escola rural.</p> <p>Tamén visitamos pola tarde o Museo do Pobo Galego, o gran centro etnográfico do país, onde se recollen as mellores esencias culturais físicas de Galiza.</p> <p>O coñecemento de ambas entidades é fundamental para calquera docente que pretenda exercer maxisterio no medio rural galego.</p> <p>Aproveitamos o resto da xornada para realizar un percorrido guiado polos elementos patrimoniais e académicos máis relevantes da zona vella compostelá e dos edificios históricos da USC, respectivamente.</p>
Materia vinculada:	G3151441B Educación en Contextos Rurais
Data:	23 de Maio de 2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Anastasiia Ogneva
Título:	Xornada "Iniciando a miña carreira investigadora"

Breve descripción:	A xornada "Iniciando a miña carreira investigadora" ten por obxectivo proporcionar ao alumnado a información sobre as distintas bolsas de investigación na etapa de grao, máster ou doutoramento, así como comentar outras saídas profesionais. A xornada consta de dúas partes: 1) Os primeiros pasos na investigación universitaria: as bolsas de colaboración e 2) O doutoramento: que é e por que facelo?
Materia vinculada:	Interdisciplinar

ANEXO II

RESULTADOS DA ENQUISTA DE COORDINACIÓN PARA O ALUMNADO DE CUARTO DE PRIMARIA

Número de respostas: 27 (primeiro semestre) e 16 (segundo semestre)		Data de recollida: 09/01/2023 e 01/06/2023			
Curso e grao: Cuarto Curso Ed. Primaria		GRAO DE SATISFACCIÓN			
ASPECTOS AVALIABLES		NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)		4%	5%	56%	22%
OBSERVACIÓNS Preséntanse opinións diversas: unha persoa comenta que hai moita xente nas expositivas e outra comenta que apenas vai xente ás clases. Outro/a alumno/a comenta a necesidade de dinamizar as clases expositivas.					
2.- Espazos para a docencia		0%	11%	81%	7%
OBSERVACIÓNS Unha persoa comenta que hai pouco espazo para mover o mobiliario e poder adaptalo ás distribucións do alumnado. Asemade, manifesta a dificultade de comunicación entre o alumnado nas clases interactivas nas aulas con bancada.					
3.- Recursos técnicos para a docencia		0%	15%	63%	22%
OBSERVACIÓNS Unha persoa destaca a utilidade de recursos empregadas na aula. Outros/as alumnos/as manifestan que algúns ordenadores das aulas funcionan mal.					
4.- Horarios lectivos		7%	48%	30%	15%
OBSERVACIÓNS O alumnado destaca que o horario está demasiado repartido ao longo do día, o que dificultar ter unha rutina de traballo.					
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre		15%	30%	52%	4%
OBSERVACIÓNS O alumnado manifesta moita carga do traballo, especialmente nos últimos 15 día de semestre.					
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación		7%	11%	74%	7%
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta que, aínda que os traballos sexan interesantes, ao ter que presentalos ao final de semestre, xúntanse moito as datas e polo tanto, a carga de traballo é elevada.					
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a		4%	19%	67%	11%
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta que falta comunicación entre docentes nas materias compartidas.					
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes		11%	0%	74%	15%
OBSERVACIÓNS Non significativas.					
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)		0%	22%	52%	26%
OBSERVACIÓNS Non significativas.					
10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG		0%	6%	63%	31%
OBSERVACIÓNS Unha persoa comenta que non recibiu instrucións acerca do traballo ata un mes antes da súa entrega. Outra persoa comenta que é inxusto que o alumnado de dobre grao pode escoller ao titor/a antes ca eles.					
11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II		0%	6%	56%	38%
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta, de novo, que é inxusto que o alumnado de dobre grao teña prioridade na escolla do centro de prácticas. Sinalan tamén pouca empatía por parte do profesorado.					
12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)		0%	19%	81%	0%
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta que é moi complicado compaxinar as dúas actividades.					
OBSERVACIÓNS XERAIS Non significativas.					

RESULTADOS DA ENQUISTA DE COORDINACIÓN PARA O ALUMNADO DE CUARTO DE DOBRE GRAO

Número de respostas: 4 (primeiro semestre) e 3 (segundo semestre)		Data de recollida: 09/01/2023 e 01/06/2023			
Curso e grao: Cuarto Curso Dobre Grao					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e tutoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
2.- Espazos para a docencia	0%	0%	25%	75%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	25%	0%	75%	
OBSERVACIÓNS Non significativas.					
4.- Horarios lectivos (primeiro semestre)	25%	25%	0%	50%	
OBSERVACIÓNS O alumnado destaca que o horario está demasiado repartido ao longo do día, o que dificulta sobre todo a elaboración de traballos en grupo e a asistencia para aqueles que non residen en Lugo.					
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre	0%	25%	75%	0%	
OBSERVACIÓNS O alumnado manifesta a falta de explicación nalgúns traballos e altos niveis de esixencia.					
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta que, aínda que hai bastante carga do traballo, o profesorado é flexible en canto as datas de entrega.					
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	0%	25%	50%	25%	
OBSERVACIÓNS O alumnado comenta que falta comunicación entre docentes nas materias compartidas.					
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	0%	75%	25%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	50%	25%	25%	
OBSERVACIÓNS O alumnado sinala que algunhas materias repiten contidos aos dos anos anteriores.					
10.- Horarios lectivos (segundo semestre)	0%	0%	67%	33%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
11.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación (segundo semestre)	0%	0%	33%	67%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
12.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a (segundo semestre)	0%	0%	33%	67%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
13.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes (segundo semestre)	0%	0%	67%	33%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
14.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (segundo semestre)	0%	0%	33%	67%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
15.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II (Ed.Primaria)	0%	0%	33%	67%	
OBSERVACIÓNS Non hai.					
16.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e o resto das materias)	0%	33%	33%	33%	
OBSERVACIÓNS Unha persoa comenta que é complicado compatibilizar as clases na Facultade, o Prácticum e as responsabilidades					

ANEXO III

PRIMEIRO SEMESTRE 2022-2023 CUARTO CURSO DE PRIMARIA E DOBRE GRAO DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias e Optativas de Mención)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151324	Ensino e aprend. de competen. comunicativas: Ling. e Lit. Galegas	Obrigatoria
G3151325	Ensino e aprendizaxe da medida, probabilidade e estatística	Obrigatória
G3151423	Ensino e aprendizaxe das cc da natureza e das cc sociais na educación primaria	Obrigatoria
G3151459	Aprendizaxe integrado de contidos en linguas estranxeiras: inglés	Optativa (Ing)
G3151462	Inglés: A diversidade cultural e as súas manifestacións	Optativa (Ing)
G3151467	Habilidades motrices e expresivas en educación primaria	Optativa (EF)
G3151470	Educación física inclusiva	Optativa (EF)
G3151479	A linguaxe nos trastornos do desenvolvemento	Optativa (AL)
G3151482	Tratamento e intervención psicoeducativa nos problemas da linguaxe	Optativa (AL)
G3151490	A convivencia nos centros escolares	Optativa (TIT)
G3151491	A participación nos centros escolares	Optativa (TIT)
G3151471	Aprendizaxe integrado de contidos en linguas estranxeiras: francés	Optativa (Fr)
G3151474	Francés: A diversidade cultural e as súas manifestacións	Optativa (Fr)

O alumnado de primaria cursa as tres obrigatorias e adoita cursar dúas optativas de mención (os restantes 3 créditos para facer 30 corresponden ao TFG). Podería cursar a maiores algunha optativa xeral. Tamén pode cursar dúas optativas xerais se non fai mención, pero é unha alternativa minoritaria. **Optativas xerais:** Educación en contextos rurais, Educación vocal para docentes, Xogo infantil, Deseño e elaboración de materiais didácticos, Educación ambiental e a súa didáctica, Identidade de xénero e educación, Literatura, Lectura e Creatividade (ESTAS MATERIAS NON CUBREN O CALENDARIO)

O alumnado do dobre grao cursa catro optativas, normalmente dúas de mención e dúas xerais. Cómpre ter en conta que as materias de mención adoitan ser excluíntes (é dicir, o alumnado cursa unha mención ou outra), pero nas materias obrigatorias e nas optativas xerais haberá alumnado de todas as mencións.

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 459, 459):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (*) 459 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19 459	20 324	21	22 324	23	24	25
26 462 471	27 324	28	29 423 324	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6 423	7	8	9
10 462 471 474	11 324	12	13 423 324	14	15	16 470
17 471 462 474	18 324	19	20 423 324	21	22	23
24 459	25	26	27	28	29	30
31 459 462						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7 459 471	8	9	10	11 470	12	13
14 459 474 479	15	16	17	18 470	19	20
21 482 471 474 479 462	22	23	24	25 470	26	27
28 479	29 490 491	30 ⁴⁸²				

DECEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2 470 470	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15 423	16	17	18
19	20	21	22 423 490 491 423	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

ANEXO IV

INFORME DE DELEGADAS DE CUARTO DE PRIMARIA



INFORME DA DELEGADA SOBRE A MARCHA DO CURSO
GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN PRIMARIA
FACULTADE DE FORMACIÓN DE PROFESORADO
CURSO 2022/2023

Cosas Negativas.

1. El alumnado de prácticas a cargo de José Agustín Candisano Mera ha tenido numerosos problemas para poder ponerse en contacto con él durante la estancia, recibiendo los documentos a entregar en el centro firmados por él casi en el momento de comenzar las prácticas, y a través de otro docente. El alumnado no se sentía satisfecho con sus explicaciones en las reuniones, ni con el hecho de que él no atendiese los correos recibidos hasta bastante tarde, pero esperando que los alumnos atendiesen a correos recibidos en festivos.
2. Durante la selección de centros para las prácticas el alumnado de mención de Educación Física no contaba con plazas suficientes para todos, lo que dificultaba la realización del Prácticum II.
3. En el examen de la materia de “Ensino e Aprendizaxe da Medida, Probabilidade e Estatística” algunas de las respuestas a las preguntas era contenido que no aparecía en los apuntes subidos al campus virtual y que se habían mencionado en las clases de forma anecdótica. Entendemos que la materia que se da en clase es sujeta a entrar en el examen, pero agradeceríamos que, si algo es tan importante como para entrar, estea en el campus virtual o disponible de alguna forma para poder estudiarlo y repasarlo.
4. Durante el curso (y casi justo antes de que empezásemos las prácticas) se publicó el nuevo currículum de Educación Primaria, que tuvimos que emplear en las memorias de prácticum y que nadie nos explicó, habríamos agradecido que por lo menos se nos ofreciese la posibilidad de acudir a una charla informativa sobre cómo va a ser este nuevo currículum, que partes tiene, como se evalúa, etc. Ya que el antiguo sí que lo estuvimos estudiando estos últimos cuatro años de carrera.

INFORME DE DELEGADA DE CUARTO DE DOBRE GRAO



INFORME DA DELEGADA SOBRE A MARCHA DO CURSO DOBRE GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL E EDUCACIÓN PRIMARIA FACULDADE DE FORMACIÓN DE PROFESORADO CURSO 2022/2023

En nome de todo o alumnado de dobre grao de cuarto ano, as principais cousas a remarcar sobre o funcionamento deste curso son as seguintes:

- **Carga excesiva de materias:** Neste curso, moitos/as (especialmente aqueles que están a realizar unha mención) tiveron que coller ata 9 materiais no primeiro cuadrimestre para poder cursar todos os créditos e non acumular demasiada carga de traballo para a segunda metade do curso, pois resultaba máis difícil coordinar materias coas prácticas.
- **Acumulación de traballo nas mesmas datas:** Non sabemos ata que punto isto depende da coordinación, pero neste segundo cuadrimestre tivemos unha “menor carga” de exames e traballos que noutros anos, pero aínda así, todos estes se concentraron nos mesmos días, pois o único exame obrigatorio que compartiamos todas/os foi o día anterior á entrega das memorias.
 Noutras ocasión xa nos ten ocorrido que, por estar a facer o dobre grao, moitos exames se nos acumulan en días consecutivos, cando nas persoas que soamente realizan un grao sempre están moito máis separados.
- **Repetición de contidos xa estudados:** Ao igual que noutros anos, moitos dos contidos das materias son repetidos (tanto entre materias de infantil e de primaria como en materias dentro do mesmo grao). Deste modo tivemos materias coma Literatura e dramatización, na que unha gran parte dos contidos eran totalmente repetidos da materia de lingua galega impartida no segundo cuadrimestre.
 Non quero dicir que os contidos da materia non foran interesantes nin necesarios. Pero xunto co traballo de prácticas e doutras materias que si que supoñían unha novidade, resultaba un pouco frustrante ter que dedicar tempo a entregar traballos ou estudar para un exame con contido que xa coñecíamos.
- **Pouca coordinación cos titores de prácticum:** Case todas as reunións, pese a que en ocasións se puideron cambiar, se programaron nun primeiro momento coincidindo con horarios de clase que as persoas de dobre grao tiñamos. Isto tampouco supón un gran impedimento, pero xa que somos o único curso que comparte prácticas ao mesmo tempo que clases, estas xuntanzas poderían planificarse para tratar de non coincidir con clases.

ACTA

Reunión de coordinación de cuarto curso de Ed. Primaria e Dobre Grao

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado (Reunión virtual por correo-e)

DATA: 5 de xuño de 2023 (Convocatoria enviada o 2 de xuño de 2023)

HORA DE INICIO: 5 de xuño, 10:00h

HORA DE REMATE: 9 de xuño, 10:00h

Persoas convocadas: María del Carmen Ares Vázquez, María del Rocío García Pedreira, Dolores Rodríguez Vivero, Sabela Fernández Monteiro, María José Romero Castro, Jorge Conde Miguélez, Francisco Xosé Candia Durán, Uxía Garrido Filgueira, Mónica Arto Blanco, Carlos Emilio Reigosa Castro, Javier López Quntans, M^a Mar de Santiago Pérez, Noelia Estévez Rionegro, Paula López Rúa, Pauline Mauricette Christiane Blatt, Romina Mouriz Corbelle, Teresa Susana Vázquez Regueiro, Cristina Martínez Tejero, Xesús Ferreiro Nuñez, Jesús Varela Zapata, Ángel Daniel Díaz Trigo, Joaquín Lago Ballesteros, Pablo García Marín, Anastasiia Ogneva

Asistentes: Pablo García Marín, Xosé Francisco Candia Durán, Paula López Rúa, Javier López Quintans, Cristina Martínez Tejero, Dolores Rodríguez Vivero, Uxía Garrido Filguiera, Mónica Arto Blanco, María José Romero Castro, Joaquín Lago Ballesteros, Noelia Estévez Rionegro, María del Carmen Ares Vázquez, Carlos Emilio Reigosa Castro, M^a Mar de Santiago Pérez, Romina Mouriz Corbelle, Anastasiia Ogneva (**mediante resposta directa ou confirmación de lectura**).

ORDE DO DÍA:

1. **Resultados da enquisa de coordinación de curso do segundo semestre cuberta polo alumnado (cuarto primaria e cuarto dobre grao).**
 2. **Información sobre revisión de programas do curso 2023-2024**
 3. **Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do alumnado sobre a marcha do semestre.**
 4. **Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do profesorado sobre a marcha do semestre.**
 5. **Rolda aberta de intervencións**
 6. **Aprobación da acta da reunión**
-

1. Resultados da enquisa de coordinación de curso do segundo semestre cuberta polo alumnado (cuarto primaria e cuarto dobre grao).

No segundo semestre a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 19 persoas (16 de Primaria e 3 de Dobre Grao). En canto ao alumnado de Primaria, a maioría maniféstase bastante ou moi satisfeita (94%) co organización, posta en marcha e realización do TFG e do Prácticum II. Nas observacións, unha persoa comenta que lle parece inxusto que o alumnado de Dobre Grao pode escoller titores do TFG antes que o resto e que teñen prioridade ao escoller o centro de prácticas a pesar de ter menos nota que o alumnado de Primaria. Outra persoa comenta que non recibiron instrucións sobre o TFG ata un mes antes da súa entrega. Un dos alumnos enquisados manifesta que hai pouca empatía por parte de profesorado de cara ao alumnado e suxire mellorar a organización de prazas no Prácticum II.

Do alumnado de cuarto do Dobre Grao únicamente se obtiveron tres respostas, polo que os resultados non poden considerarse significativos. En calquera caso, o alumnado atópase satisfeito cos horarios lectivos, número de traballos, coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a, a adecuación dos contidos, non detecta solapamentos de contidos, está tamén satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum II. A compatibilidade do prácticum co resto das materias é o ítem onde observamos menos satisfacción do alumnado. En concreto, unha persoa comenta que ao ter que acudir tres días á semana á clase, ás veces resaltouse complexo poder compatibilizar todo o traballo e as responsabilidades persoais.

2. Información sobre revisión de programas do curso 2023-2024

O día 26 de abril de 2023 enviouse un correo electrónico dende o decanato coa ligazón á ficha de comprobación. Na ficha de comprobación solicitábaselle ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e que os apartados se axustasen ao especificado na Memoria do Título. Asimesmo, recollíase calquera suxestión de cambio nas fichas das materias na Memoria.

O día 19 de maio de 2023 a coordinadora de cuarto de primaria e de dobre grao enviou o informe de revisión de programas do curso 2023/2024 á coordinación do título. En total, a ficha foi cuberta por 20 profesores/as. En liñas xerais, os programas das materias cumpren coa normativa de programación e axústanse ao especificado nas fichas das materias na Memoria do Título. O profesorado achegou suxestións de cambios nos apartados de contidos e avaliación nalgunhas materias nas fichas das mesmas na MVT. A coordinadora de cuarto de primaria e de dobre grao incluíu no informe que na maioría das materias non están dispoñibles os programas en inglés e xa lle comunicaron dende a coordinación do título que a obriga é que o programa estea en galego e castelán.

3. Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do alumnado sobre a marcha do semestre.

O alumnado do Grao e do Dobre Grao foi informado a través do campus virtual e por medio dos delegados/as de curso da recollida de información sobre incidencias, queixas, comentarios ou suxestións sobre a marcha do semestre. Os delegados/as non notificaron ningunha incidencia nin comentario.

4. Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do profesorado sobre a marcha do semestre.

A profesora Paula López Rúa fai chegar un comentario con respecto á enquisa de coordinación de cuarto de primaria na que unha persoa enquistada indicou que lle parecía inxusto que o alumnado de dobre grao puidese elixir o centro de prácticas antes aínda que teñen menos nota media. A profesora Paula López Rúa comenta que é necesario recordar ao alumnado de grao que o alumnado de dobre grao ten preferencia en elixir o centro de prácticas, dado que teñen que compatibilizar o prácticum con materias que se imparten na Facultade. O día 12 de xuño a coordinadora trasladou este comentario ao alumnado a través de Campus Virtual.

5. Rolda aberta de intervencións

Non hai

6. Aprobación da acta da reunión

Apróbase a acta da reunión por asentimento dos asistentes.

Como secretaria, levanto acta da reunión en Lugo, a 9 de xuño de 2023

A coordinadora do cuarto curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e do Dobre Grao



Asdo.: Anastasiia Ogneva

MODELO DE INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

INFORME DE COORDINACIÓN 2022- 2023

CURSO E GRAO: Quinto curso de dobre grao

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: Sabela Fernández Monteiro

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

A biblioteca da FFP ofertou o Curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado e informou ao alumnado sobre o mesmo nunha sesión expositiva da materia obrigatoria Aprendizaxe das Ciencias da Natureza, dada a relevancia da actividade para alumnado deste curso de cara a elaboración do seu TFG. Os datos da actividade inclúense a continuación. (Para a aula de coordinación do 5º curso do DG non hai táboa específica de actividades transversais, que se inclúe so na aula de 4º curso de EI.)

Data de inicio da actividade:	01/11/2022
Data de finalización da actividade:	30/11/2022
Duración da Actividade:	25 horas
Tipo de actividade:	Curso non presencial
Responsable:	Biblioteca da Facultade de Formación do Profesorado César Gómez
Nome da actividade:	Curso de Competencias en Información de Nivel Avanzado.
Breve Descrición:	Contribuír á adquisición de competencias informacionais na comunidade Universitaria. As competencias informacionais son o conxunto de coñecementos, habilidades, actitudes e condutas que capacitan aos individuos para recoñecer cando necesitan información, onde localizala, como avaliar a súa idoneidade e darlle o uso adecuado de acordo co problema que se lles formula.
Outras	Alumnado do Dobre Grao: Matriculadas (6) - Aptas (4)

Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

1.1. Resumo de resultados

En canto á enquisa do primeiro semestre:

Non houbo respostas ao cuestionario, a pesar dos 2 avisos feitos pola aula virtual e de que se lles proporcionou tempo para cubrir a enquisa ao longo da penúltima semana durante as interactivas de dúas materias obrigatorias, Aprendizaxe da matemática e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza.

En canto á enquisa do segundo semestre:

Habilitase a día 26/04/2023 e desde a coordinación de título e de practicum, realízase petición ao profesorado supervisor de practicum para que destinen 10 minutos da derradeira sesión de supervisión a cumprimentar a enquisa, para favorecer a participación.

Info a 28/04/2023: *sen respostas*

Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

2. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

2.1. Non hai incidencias ou suxestións por parte do alumnado.

2.2. O docente dunha materia optativa púxose en contacto para expresar a súa satisfacción xeral co alumnado deste grupo. Como docente dunha materia obrigatoria, comparto a apreciación.

3. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual

As representantes do alumnado foron contactadas por correo o día 16/12 para coñecer posibles incidencias, queixas ou comentarios. Non hai achegas ao respecto.

4. Outras observacións ou comentarios

Data e sinatura

Info a 28/04/2023 Sabela Fernández Monteiro

NOTA: adxuntar como anexos as evidencias que se teñan de reunións de coordinación (de habelas)

Non hai

OBSERVACIÓNS COORDINACIÓN DE TÍTULO:

A día 27 de maio de 2023 comprobáronse as taxas de resposta ás enquisas de coordinación de curso. A do segundo semestre rexistra unicamente unha resposta. A persoa enquisada maniféstase satisfeita co desenvolvemento das materias de Prácticum e TFGs, malia que non se atopa satisfeita coa carga de traballo que implica a súa coexistencia, por mor das dificultades para compatibilizar a estada no centro coa realización da memoria e os dous TFGs.

ANEXO II

TÁBOAS-MODELO DE REVISIÓN DE PROGRAMAS CURSO 2022-2023

Grao en Mestre/a en Educación Primaria

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinadora de 1º curso: María Campos Magdaleno				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151101	Socioloxía da Educación (Marta Poncet Souto)	SI	SI	<p>Suxestións de cambio na MVT:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contidos: que incorporen novos problemas sociais e educativos. - Competencias: son moitas e algunhas repítense. Tamén sería necesario formulalas e redatalas doutra maneira máis coherente. - Metodoloxía: A metodoloxía de Bolonia para grupos de case 100 persoas nalgúns materias é unha utopía. - Avaliación: A avaliación continua, sumativa, individualizada e procesual é moi complicado de realizar con grupos de case 100 alumnas/os que hai en materias como Socioloxía da Educación.
G3151104	Didáctica e Tarefas docentes (Alba Souto Seijo)	SI	SI	Indica a necesidade de modificar os contidos na MVT por ser demasiado xerais.
G3151103	Teoría e Historia da Educación Escolar (Franciso Candia Durán)	SI	SI	NON HAI
G3151102	Infancia, Familia e Escola (Delmiro Rocha Álvarez)	SI	SI	NON HAI
G3151105	Psicoloxía da Educación (María José Fiuza Asorey)	SI	SI	NON HAI

G3151106	Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos) (María Campos Magdaleno)	SI	SI	NON HAI
G3151107	Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento (Manoel Baña Castro)	SI	SI	NON HAI
G3151108	Escola, Comunidade e TIC (Pablo César Muñoz Carril)	SI	SI	NON HAI
G3151120	Ensino e Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües (Iván Enríquez Martínez)	SI	SI	NON HAI
G3151122	Fundamentos da Educación Física (Uxía Garrido Filgueira)	SI	SI	NON HAI
INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.): non hai				

DATA E SINATURA

Lugo, 19 de maio de 2023



María Campos Magdaleno

Grao en Mestre/a en Educación Primaria

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinadora de 2º curso: María José Romero Castro				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151223	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés) , Paula López Rúa	SI	SI	NON HAI
G3151224	Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Francés) , <u>Pauline Mauricette Christiane Blatt</u>	SI	SI	NON HAI
G3131201	Organización e Xestión do Centro Escolar , Óscar Díaz Queizan	SI	SI	NON HAI
G3151202	Deseño, Desenvolvemento e Innovación Curricular , Carmen Sarceda Gorgoso	SI	SI	NON HAI
G3151121	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética , Cristina Lois Prados	SI	SI	NON HAI
G3151222	Educación Visual e Plástica I: Contextos e Metodoloxía Artística , Vicente Blanco Mosquera	SI	SI	NON HAI

G3151226	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I , María José Romero Castro	SI	SI	NON HAI
G3151228	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I , José Ramón Veiga Alonso	SI	SI	NON HAI
G3151327	Didáctica da Educación Física , Rubén Navarro Patón	SI	SI	NON HAI
G3151328	Música na Educación Primaria , María Isabel Romero Tabeayo			
G3151422	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Castelás , Noelia Estévez Rionegro	SI	SI	NON HAI
<p>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):</p> <p>G3151327 (Didáctica da Educación Física): non se cubriu o formulario de comprobación da materia; non se adxuntou o programa.</p> <p>G3151328 (Música na Educación Primaria): non se cubriu o formulario de comprobación da materia; non se adxuntou o programa.</p> <p>Nota da coordinación de título: o 22 de maio contactouse co profesorado das materias que faltaban. O docente da materia G3151327 cubriu posteriormente o formulario e manifesta que está todo correcto. A docente da materia G2151328 manifestou que cubriría o formulario á maior brevidade e que o programa cumpría cos criterios establecidos.</p>				

DATA E SINATURA

Lugo, 19 de maio de 2023

María José Romero Castro

Coordinadora de Segundo Curso de Ed. Primaria e do Dobre grao

Grao en Mestre/a en Educación Primaria

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 3º curso: Virginia Aznar Cuadrado				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151323	Educación visual e plástica II: procesos e proxectos artísticos (Estella Leticia Freire Pérez)	SI	SI	NON HAI
G3151453	Titoría e orientación educativa	SI	SI	Non hai docente responsable
G3151322	Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais II (Virginia Aznar Cuadrado)	SI	SI	NON HAY
G3151452	Lingua galega para a docencia (Carme Ares Vázquez)	SI	SI	NON HAY
G3151449	Educación en valores e cidadanía (Miguel Ángel Martínez Quintanar)	SI	SI	NON HAY
G3151460	Inglés: Comprensión e expresión escrita (María del Mar Viña Rouco)	SI	SI	NON HAY

G3151461	Inglés: Comprensión e expresión oral (María del Mar Viña Rouco)	SI	SI	NON HAY
G3151481	Detección e avaliación dos problemas da linguaxe na infancia (Anastasiia Ogneva)	SI	SI	NON HAY
G3151331	Dirección de centros escolares (Óscar Díaz Queizán)	SI	SI	NON HAI
G3151227	Ensino e aprendizaxe da xeometría (Cristina Lois Prados)	SI	SI	NON HAY
G3151321	Ensino e aprendizaxe das ciencias sociais II (Tania Riveiro Rodríguez)	SI	SI	NON HAI
G3151445	Teoloxía católica e a súa pedagogía (David Varela Vázquez)	SI	SI	NON HAI
G3151468	Xogos populares e xogos regulados en educación primaria (Joaquín Lago Ballesteros)	SI	SI	NON HAI
G3151469	Actividades motrices e recreativas na natureza (Marcos Mecías Calvo)	SI	SI	NON HAI
G3151451	Historia, patrimonio e educación en Galicia (Alba Díaz Geada)	SI	SI	NON HAI
G3151329	Prácticum I (Olaya Santamaría Queiruga)	SI	SI	NON HAI
G3151448	Educación emocional (M ^a Lina Iglesias Forneiro)	SI	SI	NON HAI

G3151330	A calidade nos centros escolares (M ^a del Carmen Gómez Gómez)	SI	SI	NON HAI
G3151480	Trastornos da linguaxe, fala e voz na infancia (Romina Mouriz Corbelle)	NON	SI	Non está cuberto o apartado de “Observacións” en Xescampus
INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):				

DATA E SINATURA

Lugo, 24 de maio de 2023



Grao en Mestre/a en Educación PRIMARIA

Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 4º curso: ANASTASIIA OGNEVA				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151459	Aprendizaxe Integrada de Contidos en Linguas Estranxeiras: Inglés PAULA LOPEZ RUA	SI	SI	NON HAI
G3151447	Educación Ambiental e a súa Didáctica CARLOS EMILIO REIGOSA CASTRO	SI	SI	NON HAI
G3151444	Xogo Infantil UXIA GARRIDO FILGUEIRA	SI	SI	Contidos: Introducir unha referencia explícita ao "xogo no tempo de recreo escolar". Competencias: Si, retirar a competencia: "Coñecemento instrumental de linguas estranxeiras". Pois non se está traballando.
G3151491	A participación nos centros escolares TERESA SUSANA VAZQUEZ REGUEIRO	SI	SI	NON HAI
G3151490	A convivencia nos centros escolares TERESA SUSANA VAZQUEZ REGUEIRO	SI	SI	NON HAI

G3151324	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Galegas MARIA DEL ROCIO GARCIA PEDREIRA	SI	SI	NON HAI
G3151454	Literatura, Lectura e Creatividade NOELIA ESTEVEZ RIONEGRO	SI	SI	NON HAI
G3151482	Tratamento e intervención psicoeducativa nos problemas da linguaxe ANASTASIIA OGNEVA	SI	SI	NON HAI
G3151479	A linguaxe nos trastornos do desenvolvemento ANASTASIIA OGNEVA	NON non está cuberto o apartado de observacións	SI	NON HAI
G3151441B	Educación en Contextos Rurais FRANCISCO XOSE CANDIA DURAN	SI	SI	NON HAI
G3151423	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza e das Ciencias Sociais na Educación Primaria	SI	SI	NON HAI

	MARIA JOSE ROMERO CASTRO			
G3151467	Habilidades motrices e expresivas en Educación Primaria JOAQUIN LAGO BALLESTEROS	SI	SI	NON HAI
G3151470	Educación física inclusiva MARCOS MECIAS CALVO	SI	SI	NON HAI
G3151325	Ensino e Aprendizaxe da Medida, Probabilidade e Estatística DOLORES RODRIGUEZ VIVERO	SI	SI	NON HAI
G3151442	Educación Vocal para Docentes Mª HELENA AGRAFOJO NIETO	SI	SI	NON HAI
G3151492	Prácticum II OLAYA SANTAMARÍA QUEIRUGA-COORDINADORA DO PRÁCTICUM DOS GRAOS	SI	SI	NON HAI
G3151424	Traballo Fin de Grao (TFG) CARMEN SARCEDA GORGOSO	SI	SI	NON HAI
G3151450	Identidade de xénero e educación			

	MAR DE SANTIAGO	SI	SI	NON HAI
G3151446	Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos MÓNICA ARTO BLANCO	SI	NON	Deberíase actualizar o sistema de avaliación: Modificar a ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación. Incorporar os materiais elaborados polo alumnado como un instrumento de avaliación específico.
G3151462	Inglés: A diversidade cultural e as súas manifestacións JESUS VARELA ZAPATA	SI	SI	NON HAI

INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):

Só as seguintes materias teñen incluído o programa en inglés: G3151459 Aprendizaxe Integrada de Contidos en Linguas Estranxeiras: Inglés, G3151482 Tratamento e intervención psicoeducativa nos problemas da linguaxe, G3151479 A linguaxe nos trastornos do desenvolvemento, G3151462 Inglés: A diversidade cultural e as súas manifestacións. As demais materias recollidas neste informe non inclúen o programa en inglés.

DATA E SINATURA

Lugo, 19 de maio de 2023

OGNEVA

ANASTASIIA

A -

Y3674230V

Firmado digitalmente por

OGNEVA
ANASTASIIA -
Y3674230V

Fecha: 2023.05.19
14:55:59 +02'00'

fantalINFORME DE EXECUCIÓN DO PLAN FORTE-FFP 2022-2023
GRAO DE MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA E GRAO DE MESTRE/A DE
EDUCACIÓN INFANTIL

(elaborado polas Coordinadoras dos Títulos de Grao de Mestre/a de Educación Primaria e Grao de Mestre/a de Educación Infantil, coa colaboración da Vicedecana da Facultade)

O Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concréntanse para os estudos de Grao impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

O presente informe expón as actividades levadas a cabo con relación ás diferentes liñas do Plan, que abrangue aos Graos de Primaria e Infantil. O Plan integra accións de mellora que se viñan realizando anualmente e que constan nos Autoinformes de Seguimento dos Títulos elaborados

polas Comisións de Título. O deseño do Plan propúxose como acción de mellora no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2019-2020 para desenvolver no curso seguinte (AM-01 2020-2021). O Plan FORTE-FFP foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na reunión celebrada o 30 de abril de 2021, executando dese xeito á devandita acción de mellora.

Asimesmo, neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acolida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas, etc. O informe contén asimesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades, que serán analizadas e valoradas pola Comisión de Calidade.

Todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

LIÑA 1: ACTIVIDADES

1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

No curso 2022-2023, as actividades previstas foron axustadas nunha única sesión celebrada o 5 de setembro de 2022, e parte da información sobre o funcionamento da Universidade, a Facultade, o plan de estudos e a oferta académica foi transmitida ao alumnado mediante presentacións interactivas elaboradas dende as coordinacións de título, que se puxeron a disposición do estudantado por medio do campus virtual, na páxina de coordinación de primeiro curso. As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

Para o Grao de Mestre/a en Educación Primaria

<https://view.genial.ly/6293a11c990fee0018ac2fa8/presentation-acollida1prim22-23>

<https://view.genial.ly/6293a1ef7c4a850018676104/presentation-acollida2prim22-23>

Para o Grao de Mestre/a en Educación Infantil

<https://view.genial.ly/6293a3187c4a850018676483/presentation-acollida1inf22-23>

<https://view.genial.ly/6293a3cfadcbfc001829e2e6/presentation-acollida2inf22-23>

Para o Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria

<https://view.genial.ly/6293a6a0adcbfc001829eab3/presentation-acollida1dg22-23>

<https://view.genial.ly/6293a7d88793420011a890b3/presentation-acollida2dg22-23>

As presentacións incorporan asimesmo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos, que o alumnado tiña que valorar nunha escala de 1 a 4 (1: nada satisfeito; 4: moi satisfeito). Os resultados amósanse a continuación:

RESULTADOS PRIMARIA:

Regístráronse 21 respostas. O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferente ítems.

Contidos útiles: media 3,29 de 4

Duración da sesión: media 3,52 de 4

Estrutura da sesión: media 3,52 de 4

A sesión de acollida foi positiva: media 3,62 de 4

Cuestións que se considera necesario engadir na sesión: explicación máis detallada dos horarios de cada un, mencionar as divisións de grupos interactivos, información sobre convalidacións e sobre cómo instalar as aplicacións (iso está nas presentacións virtuais), explicación do uso do correo rai.

RESULTADOS DOBRE GRAO:

Rexistráronse 7 respostas. O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito

Contidos útiles: media 4 de 4

Duración da sesión: 3,57 de 4

Estrutura da sesión: 3,86 e 4

A sesión foi positiva: 3, 86 de 4

Cuestións que se considera necesario engadir na sesión: separar na xornada de acollida ao alumnado de primaria do do dobre grao

RESULTADOS INFANTIL:

Rexistráronse 38 respostas. O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferente ítems.

Contidos útiles: media 3,61 de 4

Duración da sesión: 3,79 de 4

Estrutura da sesión: 3,66 e 4

A sesión foi positiva: 3, 76 de 4

Cuestións que se considera necesario engadir na sesión: información sobre convalidacións, guía pola facultade.

Bastantes estudantes sinalan que non eliminarían ningún aspecto da sesión de acollida, o que nos da a entender que os contidos incorporados son útiles

Os resultados da enquisa son moi positivos, e apuntan á conveniencia de continuar realizando esta actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓN CAMPUS TERRA

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas en orixe a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

Mestre/a Primaria: [Presentación Primaria](#)

Mestre/a Infantil: [Presentación Infantil](#)

Dobre Grao: [Presentación Dobre Grao](#)

As presentacións, que estaban orixinalmente dispoñibles na web do Campus Terra, trasladáronse á web da Facultade, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da FFP. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade.

1.3.SESIÓN INFORMATIVA MENCIÓNS (SEGUNDO CURSO)

O 18 de maio, unha vez rematadas as clases do segundo semestre, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao informou ao alumnado mediante o foro de novas da aula de coordinación sobre a celebración da sesión informativa sobre as mencións de Primaria, programada para o 5 de xuño ás 18:30 da tarde. Asimesmo, colgou na páxina de coordinación do curso no Campus Virtual información relativa ás mencións cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencións con datos relevantes sobre cada unha delas para coñecemento do alumnado.

Na sesión, de carácter presencial, o Vicedecano informou de xeito xeral sobre as mencións dispoñibles e a oferta de materias optativas, e solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencións. Contabilizáronse un total de aproximadamente 70 alumnos/as asistentes á sesión informativa, o que amosa o interese do alumnado por esta actividade.

Proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo este tipo de actividades.

1.4.SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM: PRE-PRÁCTICUM (SEGUNDO E TERCEIRO CURSO)

A primeira sesión informativa pre-prácticum ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria e Infantil, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadía fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

A sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Infantil e Dobre Grao que pasa para terceiro tivo lugar o 11 de abril, ás 17:30h, virtualmente a través da plataforma Microsoft Teams. O alumnado foi informado da reunión e os procedementos para o seguinte curso (presentación informativa e documento para solicitude de prácticas en centros colaboradores temporais) a través das coordinacións de curso. De xeito similar, a sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Primaria celebrouse o 10 de abril ás 16:00 h.

Na mesma liña, organízase unha segunda sesión para o alumnado de terceiro, e nela proporciónase información básica para afrontar o segundo Prácticum da titulación: datas e

estruturación concreta do Prácticum II, particularidades deste prácticum en relación co Grao de Primaria (mencións), etc. No curso 2022-2023, esta sesión celebrouse asimismo de xeito virtual a través da plataforma Teams, informando previamente ao alumnado e facilitando a documentación pertinente por medio das coordinacións de curso e a través da aula de coordinación no Campus Virtual. A sesión Pre-Prácticum II para o alumnado de terceiro curso do Grao de Infantil tivo lugar o 18 de abril ás 9:00, e para o alumnado de terceiro do Grao de Primaria e o Dobre Grao celebrouse o mesmo día ás 15:00.

As sesións considéranse esenciais para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)

En febreiro de 2023, dende as coordinacións de título informouse por medio do foro de novas do campus virtual ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha dunha nova convocatoria do programa de titores, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar ao alumnado de primeiro. Na convocatoria anterior (curso 21-22) houbo interese por parte dunha alumna da Facultade, pero non puido finalmente apuntarse por mor dos horarios de formación e a imposibilidade de facer esa formación online.

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaron polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Non se recibiu resposta, e decidiuse contactar de novo para expoñer a problemática. Desde o Decanato volveuse contactar cos responsables do programa o 4 de abril de 2022, e nesta ocasión si se recibiu resposta, agradecendo as suxestións e emprazando aos responsables dos centros a unha reunión ao comezo do curso 22-23 para debater solucións. Porén, non foi posible levar a cabo esa reunión por problemas de axenda.

Con todo, na convocatoria do curso 22-23 apreciáronse algúns cambios, xa que se recoñece a posibilidade de realizar actividades non presenciais, aínda que os horarios de formación seguen a ser pouco compatibles coas clases na Facultade e todo o programa continúa a extenderse en dous anos académicos, un deles unicamente para formación, limitando o alumnado que pode participar a segundo e terceiro curso. Malia eses inconvenientes, as melloras semellan estar a dar resultado, xa que existindo oito prazas dispoñibles para os dous grados presentáronse nesta convocatoria cinco solicitudes por parte do alumnado para participar no programa, e dous estudantes completaron a formación previa.

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. A iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, e farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos e as solicitudes recibidas para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

LIÑA 2: ACTIVIDADES

2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

Os coordinadores de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dende as coordinacións de título ou curso difundíuse diversa información de interese para o alumnado a este respecto durante o curso 2021-2022. Dese xeito, informouse no mes de setembro de 2022 da celebración da segunda edición do **Terra Creative Jam**, un evento creativo e de innovación para a xeración de idea no que estudantes e titulados/as do Campus de Lugo participan en diferentes talleres, resolven desafíos sociais, ambientais e tecnolóxicos e achegan solucións para “reinventar o rural”. Asimesmo, no mes de setembro anunciouse a celebración dunha **Xornada sobre Trata e Explotación Sexual** que tivo lugar no salón de actos da FFP o 23 de setembro. No mesmo mes anunciouse a celebración, o 27 de outubro, do Simposio sobre innovación educativa **Forinnova** na FFP, un punto de encontro para estudantes de maxisterio, profesorado en activo, investigadores, alumnado de doutoramento e profesionais do ámbito da educación (máis información na liña 3).

No mes de outubro informouse da celebración do evento “**I Xornadas sobre diversidade afectivo e sexual: novas perspectivas**” o 12 de novembro no Museo Provincial de Lugo. Tamén no mes de outubro informouse do **Webinar sobre sistemas aumentativos de comunicación**, de especial interese para alumnado de Audición e Linguaxe, impartido por Tatiana Suárez, logopeda e especialista en rehabilitación neurolóxica e en SAAC, o 12 de novembro de 2022, de xeito presencial e virtual. Entre os contidos a tratar destacan os sistemas alternativos de comunicación (que son, beneficios dos mesmos), comunicadores dinámicos (que son, formas de acceso, casos reais), e a avaliación e metodoloxía para a implementación dos SAAC ou linguaxe natural asistido.

No mes de novembro informouse do Foro “**Escola, Familia e Tempos de Lecer da Infancia**”, celebrado o 16 de novembro na FFP. A iniciativa parte do grupo de investigación SEPA-interrea (Pedagogía Social e Educación Ambiental) da USC, e nela tratáronse as necesidades e expectativas das familias en relación aos tempos de lecer das súas fillas e fillos, así como as iniciativas nas que participa o alumnado de Educación Primaria no seu tempo libre e o impacto que estas teñen no seu desenvolvemento integral. Tamén no mes de novembro anunciouse a organización dunha **charla de concienciación** (“Ponlle fin para ter un principio”) impartida por M^a Arántzazu Domínguez Villanueva, dentro do programa de actividades para conmemorar o 25N, día internacional contra a violencia de xénero. A charla tivo lugar o 24 de novembro no salón de actos na FFP. Informouse asimesmo da iniciativa das Comisións de Xénero do Campus

de Lugo para conmemorar o 25N, consistente na celebración de **actos reivindicativos** simultáneos. No caso da FFP, a concentración tivo lugar o 25 de novembro diante da facultade e o manifesto foi lido por alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, quen asumiu a responsabilidade de redactalo.

No mes de decembro informouse da celebración do **I Concurso Interuniversitario de Integridade Académica**, consistente na realización dun cartel sobre as condutas e prácticas que debe ter en conta e poñer en práctica o alumnado co fin de evitar accións contra a integridade académica. A finalidade céntrase en concienciar e potenciar a cultura ética e responsable na integridade académica na Educación Superior. No mes de xaneiro informouse ao alumnado da organización por parte do Centro de Recursos Educativos da ONCE en Pontevedra dunha nova edición do **Curso online de «Braille en aberto»** de seis horas de duración repartidas en tres días (nivel básico), o 23, 25 e 26 de xaneiro. Neste curso trátanse ademais de xeito puntual algúns contidos transversais como novas sobre a discapacidade visual, curiosidades ou as voces de persoas con discapacidade visual en redes sociais. Tamén no mes de xaneiro remitiuse información sobre a celebración da **Conferencia Mundial de Educación** os días 16, 17 e 18 de febreiro en Santiago de Compostela. Nesa conferencia abordáronse temas directamente relacionados coa educación e os obxectivos de desenvolvemento sostible no horizonte 2030.

No mes de febreiro achegouse información sobre o **proxecto Generacion MIL de ATRESMEDIA**, que ten como obxectivo fomentar o uso racional das redes sociais, e no que participou unha das docentes da Facultade.

No mes de marzo trasladouse información sobre **bolsas do programa “Retorna ao Rural”**, 34 bolsas de prácticas para alumnado do Campus Terra en empresas de Galicia. Tamén no mes de marzo informouse do **concurso de vídeos “Vémolo nós”**, convocado polo Servizo de Normalización Lingüística para elaboración de vídeos en tres categorías (divulgación científica, descubrindo a USC e utilidade do galego). Informouse tamén ao alumnado da presentación que tivo lugar o 9 de marzo na Biblioteca da Facultade do libro **“A Pantasma Colorida”**, ilustrado por unha docente da FFP. Asimesmo, enviouse información sobre un **obradoiro de teatro** como ferramenta educativa que se desenvolveu o luns 27 de marzo na FFP. Comunicouse asemade información sobre os **premios á calidade lingüística** de traballos académicos e TFGs .

No mes de abril publicitouse o **“IX Concurso nacional de ideas creativas por la igualdad y contra la violencia de género”**, así como o **curso de verán “Interpretar os debuxos infantís: descubrindo ao alumnado a través dos seus deseños”**, que contou cunha alta taxa de participación (ao redor de 60 persoas).

No mes de maio comunicouse ao alumnado de cuarto de primaria e infantil e quinto do dobre grao a celebración dunha **Xornada Informativa sobre Bolsas de Colaboración e Doutoramento** o 23 de maio mediante a plataforma Teams. Nesa xornada informouse sobre as posibilidades que ofrece a universidade para iniciar a formación en investigación no grao e no mestrado e como continuala no doutoramento, con especial atención ás fontes de financiamento. Asimesmo, o alumnado foi informado a principios do mes de maio sobre a celebración da **Feira Virtual de Emprego da USC** os días 10 e 11 de maio, evento no que o alumnado pode atopar empresas con ofertas de traballo, charlas de interese para a súa empregabilidade e chats para aclarar dúbidas.

No mes de xuño informouse ao alumnado de Graos e Mestrados da posta en marcha do **[Programa de Formación Campus Terra 2023](#)** con cursos de formación, conferencias e obradoiros de interese para alumnado e profesorado, entre os que destacan o curso de 12h previsto para ser impartido na FFP-Lugo entre os días 27 e 29 de xuño ‘Orientación académica

e profesional: xestión do tempo, inserción laboral e autoemprego', e o curso de 10h "eTwinning: fomentando a colaboración escolar a través das TIC", previsto asimesmo para ser impartido na FFP-Lugo o 4 e 5 de xullo, ademais de obradoiros sobre hábitos e técnicas de estudo e sobre como afrontar o estrés dos exames. Porén, os cursos previstos para impartirse na FFP non se puideron celebrar por cuestións organizativas, e foron pospostos para o mes de outubro, xa no curso seguinte.

Por outra banda, os servizos que ofrece Área de Orientación Laboral publicítanse tamén a todos os cursos da titulación mediante o foro de novas do Campus Virtual: nese sentido, o BIP (Boletín de Información Profesional) elaborado periódicamente desde esta área publicítase a todo o alumnado, xa que contén información sobre axudas, prácticas, voluntariado, cursos, etc. que pode resultar de interese.

2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)

O día 19 de maio dirixíuse un escrito á Área de Orientación Laboral do Campus de Lugo para solicitar a realización dalgunha actividade con relación á formación e orientación laboral do alumnado, en liña co que se viña facendo en curso anteriores. Recibíuse resposta na que se informaba da celebración dunha xornada formativa presencial o 31 de maio, na que se proporcionaba orientación sobre a elaboración do Curriculum Vitae e información sobre oportunidades de prácticas a nivel autonómico, nacional e internacional. Dita actividade foi publicitada mediante a aula virtual de coordinación dos títulos ao alumnado de todos os cursos, e non soamente ao alumnado que remata estudos, co fin de fomentar a súa participación, tendo en conta que a xornada ten lugar nun momento do curso no que o alumnado adoita estar preparando exames e defensas de TFG, polo que a participación neste tipo de actividades adoita ser baixa. De acordo cos datos facilitados pola Área de Orientación Laboral, asistiron á sesión un total de 9 persoas.

Con relación á formación e orientación laboral, o alumnado que remata estudos foi asimesmo informado o 18 de outubro de 2022, mediante a aula de coordinación dos cursos, da apertura da **VIII Edición do Proxecto Mentoring, Desenvolvemento profesional da USC**, organizado pola Área de Orientación Laboral e Emprego a iniciativa da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. O Proxecto Mentoring da USC é un programa que ten como obxectivo iniciar ao estudiantado universitario, e titulados e tituladas recentes, nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional. Ao alumnado participante proporcionáselle o contacto cun profesional experimentado da mesma área profesional, que lle ofrece asesoramento, información e apoio para identificar mellor as súas fortalezas coa finalidade de mellorar as súas posibilidades de acceso ao mundo laboral.

Considérase que estas iniciativas contribúen á orientación do alumnado polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo, polo que cómpre fomentar e publicitar este tipo de actividades.

2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (ÚLTIMOS CURSOS DAS TITULACIÓNS)

Continuando coa actividade realizada no curso 20-21 en resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do dobre grao, fixéronse as xestións oportunas a través do Decanato da Facultade para organizar unha sesión informativa sobre as oposicións, destinada especialmente ao alumnado dos últimos cursos de Primaria, Infantil e Dobre Grao.

Dese xeito, o alumnado foi informado por medio do foro de novas das coordinacións de curso e título da celebración, o día 16 xuño ás 17:00h, dunha sesión informativa sobre oposicións para Mestres/as de Infantil y de Primaria, impartida por unha mestra en activo. A sesión celebrouse virtualmente pola plataforma Teams, e participaron ao redor de 23 persoas (cómpre ter en conta que, no momento do curso no se que organizou, o alumnado dos últimos cursos atopábase en proceso de preparación das defensas dos TFGs). Por outra banda, os materiais presentados na sesión e a gravación da propia sesión puxéronse a disposición do alumnado a través das aulas de coordinación dos cursos, co cal se estima que a información chegaría á meirande parte dos destinatarios.

Este tipo de sesións informativas considérase unha iniciativa de interese para o futuro profesional do alumnado, polo que se recomenda a súa continuidade.

LIÑA 3: ACTIVIDADES

3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)

Primeiro de Primaria:

- O 21 de decembro de 2022 desenvolveuse unha **Xornada de Investigación e Divulgación “Didáctica da Filosofía”**, a cargo de Delmiro Rocha Vázquez. Trátase dunha actividade vencellada á materia “Infancia, Familia e Escola”. Esta xornada de investigación e divulgación sobre didáctica da filosofía dirixíase tanto a alumnado como a profesorado, e consistiu en tres ponencias, a presentación dun libro e un debate aberto. A valoración da actividade foi positiva tendo en conta a alta asistencia do alumnado e as achegas para a reflexión contemporánea da didáctica da filosofía.
- Entre o 15 de setembro e o 13 de outubro de 2022, durante 6 horas, desenvolveuse unha actividade transversal vencellada á materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”, denominada “Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”. Os temas tratados foron os seguintes.
 - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.
 - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.
 - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.
 - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.
 - Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.
 - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.
 - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.

Trátase dunha iniciativa moi necesaria para o desenvolvemento de competencias transversais do alumnado. As actividades realizadas valóranse nas diferentes materias a través das producións escritas presentadas polo alumnado e das súas intervencións/exposicións orais nas clases

- Entre o 16 de novembro de 2022 e o 1 de febreiro de 2023 desenvolvéronse asimesmo outras **actividades organizadas co alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar” co fin de conmemorar o 25N**, día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Co impulso e coordinación do profesor da materia, o alumnado de THEE ideou, preparou e desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N. As actividades lístanse a continuación:
 1. Charla sobre a violencia de xénero desde dentro, a cargo dunha vítima (“Ponlle fin para ter un principio”). Salón de actos da Facultade, 24/11/2022.
 2. Gran mural sobre violencia de xénero (con nomes de vítimas, frases certas, pegadas de mans, reflexións etc.) elaborado colectivamente durante as dúas últimas semanas de novembro a través da participación de calquera persoa da Facultade, e colocado no vestíbulo principal de entrada da Facultade ata 01/02/2023.
 3. Elaboración durante as dúas últimas semanas de novembro de 20 carteis diferentes, con citas sobre violencia de xénero, frases con micromachismos, referencias a mulleres vítimas de violencia de xénero etc. Foron colocados nos corredores da Facultade ata 01/02/2023.
 4. Preparación dun espazo con lazos violeta no vestíbulo principal da Facultade durante as dúas últimas semanas de novembro, para que os poidan coller (e colocar nas lapelas) persoas que pasen por diante.
 5. Redacción dun manifesto para lectura durante o acto que, en representación da Facultade e coa colaboración da súa Comisión de Xénero, realizamos ás 12:00 horas (como os restantes centros da USC) nas escaleiras do centro o 25N, para honrar as vítimas do machismo, conmemorar o sentido deste día e renovar o compromiso da comunidade universitaria da Facultade de Formación do Profesorado pola igualdade e contra a violencia, con minuto de silencio e fotografía posterior.
 6. Creación de lemas para lanzar a viva voz no acto de homenaxe polo 25N, tras a lectura do manifesto.
 7. Animación a todo o alumnado e profesorado da Facultade a vir vestid@s de negro (ou escuro, de non poder ser negro) o 25N.

O valor de que a idea, a preparación e o desenvolvemento de todas e cada unha das actividades que se puxeron en marcha tivera como protagonista principal o alumnado (o profesor procurou simplemente mobilizar, impulsar, coordinar), ofrece un valor pedagóxico relevantísimo, e posibilita que alumnas e alumnos vivencien en primeira persoa e con pegada experiencial, unha serie de valores e comportamentos na senda da igualdade real e na da eliminación de estereotipos e discriminacións por xénero que (é o que desexamos) haberán de ter impacto no seu futuro vital e no seu desempeño profesional como mestras e mestres dentro duns anos.

A actividade, realizada por segundo ano consecutivo, goza do aprecio do alumnado, sobre todo do feminino. Alumnas e alumnos apúntanse voluntariamente á organización das actividades que pretenden chamar a atención de toda a comunidade universitaria da Facultade en referencia á lacra da discriminación que perpetra o machismo na sociedade de diferentes maneiras, desde leves insinuacións ata o asasinato de mulleres e outras vítimas vicarias.

Considerando a formación pedagóxica que recibe, pero sobre todo o eido de profesionalización futura do noso estudantado (cando exerzan como mestras e mestres das futuras xeracións), o feito de ir construíndo xa agora unha conciencia cívica crítica respecto da violencia machista é un compromiso que a Facultade non pode obviar. Precisamente como se trata dun asunto con resonancias educativas pero tamén persoais, o alumnado adoita implicarse moi activamente, propoñendo ideas e procurando materializalas para que

estean listas para o 25N, pero tamén para transmitir que todas as datas deberían ser días de reivindicación 25N.

A valoración das actividades é moi positiva porque todas elas foron iniciativa do estudiantado, e co-organizadas con el. Desde a Comisión do Título apóiase a iniciativa e recoméndase a súa continuidade.

- Do 6 de febreiro ao 6 de marzo de 2023 tivo lugar unha nova edición de **“Educación en feminino: un paseo pola historia”**, exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”. A VI colección foi elaborada polo alumnado do curso 2022-23. Esta actividade foi premiada hai tres anos pola USC como iniciativa docente innovadora no eido da igualdade de xénero. Na materia en cuestión o alumnado prepara catro exercicios diferentes sobre diferentes educadoras do pasado ou do presente, traballo que conclúe cunha exposición de paneis sobre esas figuras pedagóxicas, que na presente edición consta de 39 pósters que glosan as excelencias pedagóxicas de máis de medio cento de educadoras de diferentes épocas e xeografías, aínda que a maioría sexan galegas e españolas dos últimos 150 anos. colección de pósters, unha vez remate o período de exposición de un mes na nosa Facultade, viaxará a outras entidades que se interesan por ela (bibliotecas, centros socioculturais, facultades, institutos etc.) ás que llela cedemos gratuitamente coa intención de favorecer desde a universidade un servizo desinteresado do que se poida beneficiar a poboación (perspectiva de aprendizaxe-servizo). Para o alumnado implicado, é unha actividade moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa sexta edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.

Segundo de Primaria

- **“Camiñando xuntxs” (18 abril 2023)**. Actividade de campo interdisciplinar, vencellada ás materias Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética, Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I, e Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I. Realizouse un tramo do Camiño de Santiago (Camiño Francés, Barbadelo-Portomarín). O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade participou practicamente todo o alumnado de 2º curso. Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. Os obxectivos que se perseguen son:
 - Observar e valorar a contorna como un medio
 - xeográfico e histórico
 - social, cultural e artístico
 - natural, físico e matemático.

- Recoñecer como estratexia didáctica para desenvolver aspectos cognitivos a que ilustra coa propia práctica, que require percibir, sentir, facer e reflexionar.
- Utilizar esta actividade como recurso para a aprendizaxe de distintas materias.
- Promover o respecto e coidado cara as contornas naturais, en definitiva, cara o medio.
- Desenvolver hábitos de traballo colaborativo.

O alumnado manifesta interese nesta actividade, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero si se ten constatado, nas conclusións de traballos académicos de materias de didácticas aplicadas relacionados coa análise e deseño de propostas docentes, a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto. A valoración xeral da actividade é positiva.

Terceiro de Primaria

- **“Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)” (19-20 setembro 2021).** Actividade de campo vencellada á materia “Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinarlas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

A actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 92 alumnos e alumnas dun total de 98 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

Cuarto de Primaria

- **Saída de campo** vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais”, realizada o 9 de setembro de 2022. O obxectivo desta saída de campo foi observar e reflexionar directamente sobre o terreo a propósito de como se materializan algúns dos contidos máis relevantes relacionados coa materia “Educación en Contextos Rurais”. Fíxose polos arredores da cidade de Lugo no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a xornada foi ao aire libre e o alumnado precisaba ir apuntando sobre o que íamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria

na liña da cultura da sustentabilidade. Polo que concirne á valoración, e unha das actividades máis valoradas polo alumnado, e cumpre obxectivos previstos polo profesor para a materia.

- Actividade con profesionais externos vencellada á materia “Educación Vocal para Docentes”, realizada o 17 de outubro de 2022. Desenvolveuse **unha charla titulada “O coidado da voz en docentes”**. Invitouse un profesional do ámbito de Logopedia, David Posada Fernández, que impartiu un seminario sobre o coidado da voz en docentes abordando cuestións teóricas da materia, así como propoñendo exercicios prácticos para traballar as habilidades vocais. O alumnado valorou positivamente o seminario, destacando a súa utilidade para futura labor docente. Como punto a mellorar, nas próximas edicións, é recomendable realizar este seminario de modo presencial que este curso non foi posible.
- Saída de campo vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais” realizada o 24 de xaneiro de 2023. **Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia e ao Museo do Pobo Galego**. Como actividade final de semestre visitouse o Museo Pedagóxico de Galicia, instalación cultural que (en parte) pretende homenaxear as mestras e mestres rurais e a escola rural. Tamén se visitou pola tarde o Museo do Pobo Galego, o gran centro etnográfico do país, onde se recollen as mellores esencias culturais físicas de Galiza. O coñecemento de ambas entidades é fundamental para calquera docente que pretenda exercer maxisterio no medio rural galego. Aproveitouse o resto da xornada para realizar un percorrido guiado polos elementos patrimoniais e académicos máis relevantes da zona vella compostelá e dos edificios históricos da USC, respectivamente. En canto á valoración, O alumnado quedou moi satisfeito con esta saída, na que, en palabras propias, "aprenderon moitísimo e gozaron aínda máis".
- Actividade transversal celebrada o 23 de maio de 2023 a cargo da docente Anastasiia Ogneva. Tivo lugar unha **xornada denominada “Iniciando a miña carreira investigadora”**, que ten por obxectivo proporcionar ao alumnado información sobre as distintas bolsas de investigación na etapa de grao, máster ou doutoramento, así como comentar outras saídas profesionais. A xornada consta de dúas partes: 1) Os primeiros pasos na investigación universitaria: as bolsas de colaboración e 2) O doutoramento: que é e por que facelo?

Primeiro de Infantil

- Do 5 de setembro ao 22 de decembro de 2022 levouse a cabo **un proxecto interdisciplinar transversal** vencellado ás materias Didáctica e Profesión Docente e Socioloxía da Educación. Grazas á **colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU)** da USC o alumnado das dúas materias implicadas participa en diversas entidades e institucións da cidade de Lugo. Esta actividade contribúe a que o alumnado desenvolva unha serie de competencias útiles a nivel persoal e profesional. A continuación, destácanse algunhas delas: análise e resolución de problemas, asertividade, autonomía e iniciativa, compromiso ético e responsabilidade, empatía, traballo en equipo, etc.. Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.
- Do 23 ao 25 de novembro de 2022 desenvolveuse unha **actividade con profesionais externos** vencellada á materia “Socioloxía da Educación”. Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes:
 - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa.

- Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo.

Valoración da actividade: No Informe de curso que o alumnado elaborou para a materia reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla cunha antiga alumna que fixo as prácticas na asociación educativa Nenea Medrar Creando.

- 19 de decembro de 2022 desenvolveuse unha actividade con profesionais externos vencellada ás materias Didáctica e Profesión Docente e Socioloxía da Educación. David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "**Os contos que contamos e como os contamos**". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:
Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.
- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.
- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.
Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.
- Entre o 16 de novembro de 2022 e o 1 de febreiro de 2023 desenvóléronse asimismo outras **actividades organizadas co alumnado da materia "Teoría e Historia da Educación Escolar" co fin de conmemorar o 25N**, día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres. Co impulso e coordinación do profesor da materia, o alumnado de THEE ideou, preparou e desenvolveu unha serie de actividades co gallo do 25N, xa rexistradas no apartado correspondente ao primeiro curso de primaria.
- Do 15 de febreiro ao 30 de abril de 2023 desenvolveuse un **proxecto de Aprendizaxe-Servizo** vencellado á materia Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) denominado "**Acompañando ás emocións nun mundo de cambio**". Nos últimos anos, os modelos familiares na sociedade están cambiando. Cada vez atopámonos entornos máis interculturais, con situacións familiares onde, en ocasións, os menores son os principais afectados, repercutindo en problemas escolares. Finalidade: Dentro do desenvolvemento na idade infantil de 3 a 6 anos prodúcese unha serie de cambios cognitivos, físicos e afectivos. A posibilidade de coñecer en primeira persoa situacións de risco que poidan estar afectando ao desenvolvemento afectivo e emocional do neno/a, permitirá ao alumnado profundizar, asentar coñecementos e empatizar, permitíndolle ter un enfoque que será positivo para o seu futuro docente. Os nenos/as na asociación Alar Galicia, sentiranse acompañados durante o tempo que dure o proxecto e terán un apoio para favorecer a súa integración sempre baixo a supervisión de profesionais.
Obxectivos:
 - Contextualizar a importancia da educación emocional na educación infantil, en particular naqueles nenos que se atopan en familias desestructuradas e de risco de exclusión social.
 - Adquirir un mellor coñecemento e aplicación da educación emocional na aula de nenos de idades comprendidas entre 3-6 anos.
 - Desenvolver a intelixencia emocional de forma global.

- Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
- Fomentar a convivencia na aula e fora dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles.

Coa execución deste ApS, o alumnado vai a traballar dunha forma práctica unha serie de contidos relacionados co desenvolvemento evolutivo, en particular cos aspectos afectivos e emocionais, que lle van a permitir adquirir unha serie de competencias moi valiosas para o seu futuro profesional como docentes de educación infantil, á marxe de realizar unha labor moi importante cos nenos/as da asociación Alar Galicia cos que van a traballar.

- Entre o 30 de xaneiro e o 15 de maio de 2023 levouse a cabo un **proxecto de Aprendizaxe-Servizo** denominado **“Recreos Inclusivos”** vencellado á materia “Psicoloxía da Educación”. Recreos Inclusivos é un proxecto de ApS realizado en colaboración coa ONCE, na súa delegación de Lugo. As dúas mestras itinerantes da provincia de Lugo, especialistas en discapacidade sensorial e especialmente en cegueira, acoden ao aula universitaria para formar ao alumnado da materia en inclusión, utilizando para iso o tempo de lecer que supoñen os recreos. Realízanse dúas sesións formativas ao iniciar o proxecto, nas que sentan as bases de que é a inclusión e fórmase ao alumnado na creación de materiais inclusivos para os tempos de lecer, aprendendo a transcribir en código braille mediante as máquinas Perkins. Préstase especial atención á creación de materiais realmente inclusivos, para todo o alumnado sen excepcións, traballando texturas, formas, cores... No caso de que o material precise texto, escríbese ben en lingua galega ou castelá e, ademais, en código Braille, prestando atención a requisitos de inclusión como o tipo de letra ou o tamaño da mesma.

Á metade do proxecto, as mestras revisan os materiais en proceso de elaboración e, ao final do proxecto, son entregados á Once para a súa distribución nos centros escolares da provincia. Algúns exemplos destes materiais elaborados polo alumnado son contos, xogos de tres en raia, parchís, a oca, parellas de cartas, bingos...

Valoración da actividade: Este proxecto de ApS tivo os seus inicios no curso 12-13, e desde entón mantense cada curso académico (fóra dos cursos 2019-2020 e 2020-2021 que houbo de interromperse debido ás restricións xeradas pola pandemia do covid-19). O proxecto segue realizándose grazas a dous grandes motivos: por unha banda, o interese que esperta no alumnado (destacan a utilidade dos materiais elaborados, o grao de xenerosidade que implica, a toma de conciencia de que é a verdadeira inclusión e as aprendizaxes realizadas que lles permitirán "perder o medo" ao alumnado con discapacidade visual en concreto e ao alumnado con discapacidade en xeral); e, doutra banda, o seu carácter formativo, ao achegar ao alumnado ao concepto de inclusión educativa no seu sentido amplo e afastarille do tan estendido concepto restritivo da inclusión, ao fomentar o desenvolvemento e fortalecemento de valores como a colaboración, a empatía, o voluntariado...

- Do 30 de xaneiro ao 15 de maio participouse no proxecto **+HU-MANOS** relacionado coa materia “Procesos de mellora e usos das TIC”. Algunhas alumnas voluntarias participaron nese proxecto, levado a cabo polo alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal (Oleiros, A Coruña). Concretamente, as alumnas voluntarias deseñaron a páxina web do proxecto. Valoración da actividade: A valoración das alumnas foi positiva, polo que amosamos o noso interese en seguir colaborando co centro educativo en futuros proxectos.
- Entre o 15 de setembro e o 13 de outubro desenvolveuse a actividade transversal **“Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”**, xa rexistrada na sección

de actividades de primeiro curso de educación primaria. De igual xeito, entre o 6 de febreiro e o 6 de marzo consta a realización da actividade de Aprendizaxe Servizo “**Educación en Feminino: un paseo pola historia**”, tamén rexistrada en primeiro de primaria.

Segundo de Infantil

- En segundo curso tivo lugar unha actividade no mes de abril, nomeadamente unha charla-coloquio ODS, co título “Presentación campaña mundial pola educación e os ODS”, vencellada á materia “Organización e Xestión do Centro Escolar”. Desenvolveuse unha sesión sobre o dereito á educación impartida por EDUCO e realizouse un póster para expor na facultade a semana da educación

Terceiro de Infantil

No terceiro curso de Infantil desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Do 21 de marzo ao 19 de maio de 2023 púxose en marcha o **Proxecto de Aprendizaxe-Servizo “Que non morra o conto”**, vencellado á materia “Educación e Linguas en Galicia”. Este proxecto consiste en recuperar contos, historias e lendas que forman parte do patrimonio da literatura popular galega e transmitirlos ás crianzas para, por un lado, evitar que estes se perdan e, por outro, espertar nas crianzas o interese pola lectura e polos contos tradicionais galegos. Para iso, o alumnado debe (en grupos de traballo) falar con persoas maiores do seu entorno e conseguir que unha lle conte un conto, o cal terán que gravar e transcribir. Con eses datos, o alumnado debe adaptar ese conto ao alumnado de Educación Infantil. Unha vez lista a adaptación, deberán ir a centros educativos da súa elección a contarlles os contos.
- Do 7 de febreiro ao 25 de abril de 2023 desenvolveuse o proxecto de innovación **Club de lectura + blog “Petiscando Libros” (2ª edición)** vencellado á materia “Literatura e Arte”. O obxectivo principal foi ofrecer un espazo de lectura dialóxica, mediante a estratexia do club de lectura, cuxos resultados foron postos a disposición da sociedade mediante o desenvolvemento dun blog de recomendacións literarias e propostas didácticas, realizado por e para docentes, titulado Petiscando libros. Ademais, o proxecto continúa unha primeira edición da proposta realizada durante o ano 2021/2022, que obtivo uns resultados moi positivos e que confirmaron a viabilidade do recurso creado (<https://petiscandolibros.wordpress.com/>).
- Do 7 de febreiro ao 23 de xuño de 2023 desenvolveuse o proxecto de innovación **“Petíscame” Temporada 1: creadoras galegas. Un videopodcast sobre libros e ilustración**, vencellado asimismo á materia “Literatura e Arte”. Petíscame" é unha experiencia de videopodcast con perspectiva de xénero no eido da formación literaria e artística de docentes en formación. A primeira temporada á que fai referencia esta memoria compúxose de oito capítulos que acolleron diversas entrevistas a creadoras e ilustradoras galegas vinculadas co mundo do álbum ilustrado, cómic e obras literarias dirixidas á infancia e xuventude. Contou co apoio económico do Servizo de Normalización Lingüística da USC (a través da convocatoria de axudas para actividades de normalización lingüística) e do decanato da Facultade de Formación do Profesorado para o pagamento ás invitadas e formadores. Por

outra parte, a biblioteca da mesma facultade fíxose cargo da compra dos exemplares das obras das autoras que non estaban xa dispoñibles no catálogo. Finalmente, tamén colaboraron mediante o préstamo de material técnico os grupos de investigación LITER21 —ao que pertence a docente responsable da materia— e o Grupo de Investigación en Comunicación Audiovisual.

Cuarto de Infantil

Na táboa de actividades habilitada a tal efecto na aula de coordinación do curso para o profesorado, e sobre a que se informou ao mesmo por mensaxería do campus virtual a principios e finais de curso, non hai rexistros para o curso 2022/23. Porén, neste curso constarían as actividades vencelladas ás materias “Educación en contextos rurais” e “Educación vocal para docentes”, en tanto que se trata de materias optativas xerais, e por tanto comúns aos Graos de Primaria e Infantil.

Todos os cursos das titulacións

Na Facultade desenvolvéronse durante o curso 2022-2023 outros eventos transversais de interese para a formación do alumnado. Cómpre destacar os seguintes:

- O 27 de outubro de 2023 desenvolveuse na FFP unha actividade de 10 horas de tipo transversal pero especialmente vencellada con materias da área de Didáctica e Organización Escolar, nomeadamente o **I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA)** (<https://forinnova.net/>). A actividade orientouse particularmente ao alumnado dos primeiros cursos, pero abriuse a todo o alumnado.

Tipo de actividade: trátase dun ciclo de conferencias e mesas redondas que versaron sobre a temática da formación e innovación educativa. Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia. O Simposio tivo como eixo vertebrador as diferentes etapas educativas; especialmente de infantil e primaria, así como ensino superior. **Organizadores:** Facultade de Formación do Profesorado da USC, Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da USC. Universidad Federico Hernández y Carvajal (República Dominicana), Universidad de Playa Ancha (Chile).

Colaboracións: este I Simposio de Formación e Innovación educativa contou coa colaboración de importantes entidades radicadas en Lugo e outras a nivel nacional e internacional. Entre as mesmas, destacamos o Centro Asociado da UNED de Lugo, a Asociación educativa lucense Nenea, Centro de Formación e Recursos de Lugo, o Fórum Europeo de Administradores da Educación (FEAE - <http://feae.eu>) as empresas Maxina e Anthology, a Deputación e o Concello de Lugo, entre outras. Cómpre destacar tamén o amplo número de investigadores e expertos/as que forman parte do Comité Científico, cuxa labor resultou moi importante a nivel de asesoramento académico e científico. En concreto, formaron parte destes comités académicos de Universidades de España, Costa Rica, Países Baixos, Reino Unido, Portugal, República Dominicana, Ecuador, Colombia e República Checa.

Asistentes: O número de **inscritos PRESENCIAIS** ao *I Simposio de Formación e Innovación Educativa* foi dun total de **197 persoas**. Asemade, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de **107 persoas**.

O perfil dos asistentes inscritos foi o esperado, a saber:

- Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil

- Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria
- Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria
- Alumnado de programas de Doutoramento en Educación
- Profesorado universitario da USC
- Profesorado universitario doutras Universidades
- Profesorado de etapas educativas non universitarias
- Outros profesionais do eido educativo

Co fin de coñecer a percepción dos asistentes presenciais ao Simposio, creouse un formulario para coñecer a súa opinión e que valorasen de xeito voluntario o evento. Os resultados obtidos foron moi positivos, polo que se está a pensar nunha posible segunda edición do Simposio que se divida en varios días, xa que a maior parte dos asistentes consideran que foi unha xornada moi intensiva.

- O 22 de xuño celebrouse tamén na FFP unha nova edición do curso de verán “Interpretar os debuxos infantís: Descubrindo ao alumnado a través dos seus deseños”.
- Por outra banda, cómpre mencionar que entre os días 4 e 6 de maio se desenvolveu no Laboratorio de Educación Infantil da FFP o curso “Pensar os espazos e os materiais na Escola Infantil 0-3”, un curso de Formación Continua da USC ao que asistiron 30 mestras de escolas infantís municipais de Lugo, e que da conta do compromiso da Facultade coa formación continuada dos profesionais da educación.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan no seu conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

LIÑA 4: ACTIVIDADES

4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro de primaria, infantil e dobre grao, e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto de primaria, infantil e dobre grao. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- o Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- o Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- o Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- o Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- o Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicouse por medio do Campus Virtual, e docentes de primeiro curso cederon uns minutos das súas sesións para que o Director da Biblioteca fixese unha presentación dos mesmos nas aulas. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro 2022) e contou con datos de matrícula similares aos do curso anterior: 148 matriculados e 107 aptos entre primaria, infantil e dobre grao, desglosados do seguinte xeito:

Infantil: Matriculados 53, Aptos 41

Primaria: Matriculados 76, Aptos 51

Dobre Grao: Matriculados 19, Aptos 15

O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro 2022) pero, do mesmo xeito que no curso anterior, cunha cifra máis baixa de matriculados e aptos (51 matriculados e 22 aptos entre primaria, infantil e dobre grao, desglosados como segue:

Infantil: Matriculados 29, Aptos 9

Primaria: Matriculados 16, Aptos 9

Dobre Grao: Matriculados 6, Aptos 4

Con respecto á diferenza nos datos de matrícula entre os cursos, cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademais conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística.

Tendo en conta a súa importancia para orientar e formar ao alumnado na realización de traballos académicos, e polo tanto para a súa formación en competencias transversais, propónse manter estas accións formativas.

4.2 PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto Competentes persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferentes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, mellorando as cifras do curso anterior e contando no curso 22-23 con 84 materias vinculadas (sumando as 23 de Infantil, as 23 de Primaria e as 38 de Dobre Grao). A distribución de materias en función do perfil lingüístico é a seguinte: 68 en galego, 13 en castelán e 3 en ambas linguas.

Co fin de obter datos concretos sobre o desenvolvemento das competencias lingüísticas en galego e en castelán por parte do alumnado ao longo dos catro anos da súa formación na Facultade, durante os días 15 e 16 de maio puxéronse en marcha unha batería de probas en galego e castelán dirixidas ao alumnado dos últimos cursos dos graos, que foron publicadas mediante o foro de novas do campus virtual e para as cales se solicitou a colaboración do

alumnado. Participou aproximadamente a metade do alumnado convocado, e os resultados das probas estanse a analizar.

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

4.3. OBRADOIRO DE APODERAMENTO LINGÜÍSTICO (TODOS OS CURSOS)

A Comisión de Normalización Lingüística da facultade, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, organizou no curso 2021-22, o 29 de marzo e o 5 de abril, o "Obradoiro de apoderamento lingüístico" co obxectivo principal de promover a **responsabilidade na normalización social do galego como parte do ámbito competencial dos mestres e mestras**. (<https://www.usc.gal/gl/servizos/snl/dinamizacion/apoderamento.html>).

Malia que a previsión era realizar este obradoiro todos os anos, desde a Comisión de Normalización Lingüística sinalan que neste curso non foi posible levalo a cabo por cuestións económicas. O obradoiro si se puido levar a cabo na Facultade de Ciencias da Educación.

Considérase unha iniciativa de interese, na medida en que fornece competencias centrais e tamén transversais dos títulos, especialmente de carácter lingüístico, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

4.4. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO /TODOS OS CURSOS)

Ao inicio dos dous semestres do curso, o Servizo de Normalización Lingüística abre a convocatoria desta actividade formativa que está estruturada en tres módulos, os cales abordan a redacción científica, falar en público e como desenvolver presentacións dixitais eficientes (a primeira convocatoria desenvólvese no primeiro semestre, nos meses de setembro a novembro, e a segunda entre febreiro e abril).

Os módulos poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e será recoñecido con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións. No curso 2022-23 impartíronse por medio de teledocencia na plataforma corporativa Teams. As coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos desta iniciativa, dado o interese destes módulos para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos, especialmente no seu derradeiro curso.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

4.5. CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUAS: CLM E OUTROS

Ao inicio do curso 2022-2023, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade.

No mes de xaneiro informouse tamén ao alumnado da apertura do prazo para inscribirse en dous cursos de lingua galega para non galegofalantes que convoca o Centro de Linguas Modernas para o segundo semestre. En concreto, para o alumnado do Campus de Lugo convocáronse cursos en liña de niveis A1 e A2.

Asimesmo, en febreiro de 2023 o alumnado das titulacións foi informado desde as coordinacións de título pola mesma canle da publicación da resolución do 31 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4. Os cursos ofértanse tanto en modalidade presencial como en liña.

O 23 de maio informouse ao alumnado da realización de actividades de verán no CLM, nomeadamente cursos, probas e sesións de conversación.

Tendo en conta a utilidade destas actividades para a formación transversal do alumnado, considérase oportuno continuar proporcionando información e publicitando este tipo de iniciativas.

Finalmente, cómpre salientar que neste curso, 2022-2023, a Facultade de Formación do Profesorado participou na **IV edición da “Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC”**, correspondente ao 2022, presentando o Plan FORTE-FFP. A iniciativa resultou seleccionada como exemplo de boas prácticas, o cal evidencia a solvencia do proxecto para satisfacer as necesidades formativas e de orientación laboral e profesional do alumnado.

Por outra banda, dase conta asimesmo neste informe de que a Comisión de Calidade do Centro, na súa xuntanza do día 25 de maio de 2023, analizou a posibilidade de desenvolver a **Fase II do Plan FORTE** integrando as actividades de formación e orientación desenvolvidas dos Mestrados da Facultade (MDAEN e MPES), e acordou executala a partir do curso 2023-2024. Dese xeito, no vindeiro curso o informe de execución do Plan comprenderá actividades de Graos e Mestrados. A posta en marcha da Fase II do Plan FORTE foi asimesmo aprobada en Xunta de Facultade o 6 de xuño de 2023.

Execución Plan FORTE-FFP 2022-2023

O presente informe, elaborado polas responsables académicas dos títulos cos datos aportados por membros das súas respectivas Comisións de Título, e coa colaboración da Vicedecana da Facultade, será obxecto de análise por parte da Comisión de Calidade, que revisará e valorará a eficacia do Plan e concretará, de habelas, as accións de mellora pertinentes, as cales figurarán no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2022-2023. Para a proposta de accións deberanse ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso *PS-05 Xestión de incidencias (SQR)*, os resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións (verificación, seguimento, modificación, acreditación) que teñan que ver con este eido.

Lugo, 7 de xullo de 2023



María Campos Magdaleno
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Primaria



Alba María Souto Seijo
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Infantil



Paula López Rúa
Vicedecana da Facultade de Formación do Profesorado